



FACULTADE DE FILOLOXÍA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Análise dos procesos de transmisión e mantemento da lingua
galega na Costa da Morte**

Lucía Pérez López

TRABALLO FIN DE GRAO

Titor: X. Henrique Monteagudo Romero

Grao en Lingua e Literatura galega
Xuño 2024



FACULTADE DE FILOLOXÍA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Análise dos procesos de transmisión e mantemento da lingua
galega na Costa da Morte**

Lucía Pérez López

TRABALLO FIN DE GRAO

Titor: X. Henrique Monteagudo Romero

Grao en Lingua e Literatura galega
Xuño 2024

Formulario de delimitación do título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2022/2023

APELIDOS E NOME:	Pérez López, Lucía
GRAO EN:	Lingua e Literatura galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	X. Henrique Monteagudo
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Sociolingüística, política lingüística e estandarización



SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: Análise dos procesos de transmisión e mantemento da lingua galega na Costa da Morte

Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:

Este Traballo de Fin de Grao ten como finalidade analizar e comprender os procesos de transmisión e mantemento da lingua galega que teñen lugar entre as familias das comarcas máis occidentais da provincia da Coruña. Concretamente, o que se pretende é ver como estes procesos evolucionaron ao longo de tres xeracións nos diferentes modelos de familia, e abordar o grao en que a variación que outros parámetros socio-demográficos, como o hábitat ou o estatus, puideron experimentar entre os diferentes membros destas unidades familiares, interfere nos ditos procesos de transmisión e mantemento da lingua. Para isto, tomaranse como referencia os estudos que dende o ano 2005 se veñen realizando nesta liña na materia de Sociolingüística galega, do Grao en Lingua e Literatura Galegas, ademais de outros datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos ó coñecemento e uso do galego. O Traballo de Fin de Grao pretende contribuír para o estudo dunha cuestión amplamente relevante no ámbito da Sociolingüística, moi interesada en abordar os procesos de transmisión da lingua non só dende a perspectiva actual senón tamén como indicadores das tendencias futuras.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2022.

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W</p> <p>Firmado digitalmente por MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W Fecha: 2022.11.10 12:28:45 +01'00'</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>25 NOV. 2022</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p> 
---	--	--

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

**ANÁLISE DOS PROCESOS DE TRANSMISIÓN E MANTEMENTO DA LINGUA GALEGA NA COSTA
DA MORTE**

**ANÁLISIS DE LOS PROCESOS DE TRANSMISIÓN Y MANTENIMIENTO DE LA LENGUA GALLEGA
EN LA COSTA DA MORTE**

**ANALYSIS OF THE PROCESSES OF TRANSMISSION AND MAINTENANCE OF THE GALICIAN
LANGUAGE ON THE COSTA DA MORTE**

RESUMO

O presente traballo ten como obxectivo investigar a situación da transmisión interxeracional do galego nas familias da área máis occidental da Costa da Morte. En contextos bilingües como é o caso galego, as decisións das familias sobre a adquisición lingüística dos seus descendentes están condicionadas por outros factores sociais, como o diferente prestixio das linguas na sociedade, que poden desencadear procesos de substitución ou cambio lingüístico. A partir dunha serie de traballos realizados polos estudantes de Sociolingüística do Grao en Lingua e Literatura galega (USC) recompilados no corpus “A lingua das familias” (ILG), nos que se reconstrúe o historial sociolingüístico dunha familia ao longo de tres xeracións (avó/avoa, pai/nai, fillo/filla), o que se pretende é coñecer tanto o papel que desenvolven os diferentes modelos de familias na transmisión da lingua como as súas motivacións, polo que tamén se atenderá ó contexto sociohistórico e demográfico de cada unha das xeracións.

PALABRAS CHAVE: política lingüística familiar, transmisión interxeracional, mantemento, substitución, cambio de lingua.

DECLARACIÓN DE AUTORÍA

Eu, Lucía Pérez López, con DNI 47437114M, declaro formalmente que o presente Traballo Fin de Grao é da miña autoría, orixinal e inédito, e que non empreguei fontes de información sen citalas debidamente no corpo e na bibliografía do mesmo.

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the bottom.

En Santiago de Compostela, a 10 de xuño de 2023

ÍNDICE DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CUESTIÓNS PREVIAS.....	5
2.1. FAMILIA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA.....	5
2.2. A IMPORTANCIA DO <i>HÁBITAT</i> . COSTA DA MORTE: BREVE CARACTERIZACIÓN DA ÁREA DE ESTUDO	8
2.3. TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL E PERFÍS SOCIOLINGÜÍSTICOS	11
3. METODOLOXÍA.....	14
4. PRESENTACIÓN DE DATOS	15
4.1. PRIMEIRA XERACIÓN (X1).....	15
4.1.1. Perfil e traxectoria biográfica.....	17
4.1.2. Prácticas e destrezas lingüísticas.....	20
4.1.3. Actitudes lingüísticas.....	21
4.2. SEGUNDA XERACIÓN (X2).....	23
4.2.1. Perfil e traxectoria biográfica.....	24
4.2.2. Prácticas e destrezas	28
4.2.3. Actitudes lingüísticas.....	29
4.3. TERCEIRA XERACIÓN (X3).....	31
4.3.1. Perfil e traxectoria biográfica.....	33
4.3.2. Prácticas e destrezas lingüísticas.....	35
4.3.3. Actitudes lingüísticas.....	36
5. ANÁLISE DE DATOS	38
5.1. CLASIFICACIÓN DAS FAMILIAS SEGUNDO A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO ...	38
5.2. OUTRAS FAMILIAS SEGUNDO A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO	44
5.3. A TERCEIRA XERACIÓN: ÉXITO OU FRACASO DA TRANSMISIÓN LINGÜÍSTICA INTERXERACIONAL	45
6. CONCLUSIÓNS	48
BIBLIOGRAFÍA.....	50

1. INTRODUCCIÓN

O presente Traballo Fin de Grao ten como finalidade estudar o proceso de transmisión interxeracional da lingua galega na área máis occidental da Costa da Morte. Máis concretamente, o que se pretende é analizar como os proxenitores galegos xestionan a adquisición lingüística dos seus fillos e fillas e debullar os principais móbiles que os levan a escoller o galego ou o castelán como primeira lingua para a súa descendencia.

Dende o ano 2021, no seo do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) estase a desenvolver un proxecto¹ sobre a lingua da mocidade galega articulado en varias liñas de investigación. Unha delas é “A lingua das familias” (ALFA) que, baixo a dirección do profesor Henrique Monteagudo, busca profundar no coñecemento dos procesos de transmisión, mantemento e cambio de lingua nas familias galegas a partir dun copioso corpus de historiais sociolingüísticos recollidos, dende o ano 2005, polos estudantes do Grao en Lingua e Literatura galega da USC. O traballo que se desenvolverá ao longo das seguintes páxinas proxéctase nesta mesma liña de análise, pois a partir dunha mostra máis reducida de familias -concretamente vinte e catro- deste mesmo corpus, correspondentes á área xeográfica xa indicada, contribuirá á documentación deste fenómeno aínda escasamente abordado pola Sociolingüística galega.

Dende a segunda metade do século XX diferentes cambios sociais como a desruralización, a urbanización, a industrialización, o acceso á educación e a extensión dos medios de comunicación... (Subiela 2010) provocaron que moitas familias galegofalantes comezaran a adoptar o castelán como lingua de comunicación formal e informal, e así mesmo que comezaran a transmitírllelo ás novas xeracións, en moitos casos, aínda sendo galegofalantes habituais (Monteagudo, Loredó & Vázquez 2016). A día de hoxe, a ruptura da transmisión lingüística interxeracional é un dos factores que máis ameazan a histórica vitalidade demográfica da nosa lingua. No ano 2003, o 16% das persoas que herdaban o galego dos seus proxenitores non llelo transmitían aos seus descendentes e, no 2013, esa porcentaxe ascendeu ó 23%. Os datos indican que “a *non transmisión* ten unha incidencia crecente” e que “cada vez hai menos galegos que herdán a lingua” (Monteagudo, Loredó & Vázquez 2016).

Loredó (2015) adaptou para o caso galego o *Índice de transmisión lingüística* e o *Índice de cambio lingüístico*, elaborados orixinalmente para o estudo da transmisión interxeracional do

¹ Véxase: <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/lingua-das-novas-xeracions-competencia-cambio-linguistico-actitudes-mantemento-e>

catalán por Torres e Strubell i Trueta, e desta maneira fixo posible outorgarlle valores numéricos a este fenómeno. Tal e como se pode ver na seguinte gráfica, o ITIgal amosa unha mellora na transmisión lingüística durante primeira década do século XXI, estabilizándose entorno aos valores -0,13 e -0,14, negativos pero máis positivos que os anteriores. Non obstante, o ICLgal elevouse bruscamente nos anos máis recentes ata acadar, no 2013, o seu valor máis alto dende que hai rexistros (-0,23).




Figura 1. Evolución da transmisión interxeracional do galego familiar a través dos indicadores de transmisión lingüística (ITIgal, ICLgal). 1992-2013. Fonte: Monteagudo, Loredo & Vázquez (2018:20)

Para Monteagudo, Nandi & Loredo (2020) esta circunstancia está directamente relacionada coa perda de falantes entre as cohortes máis novas da poboación. Os estudos quinquenais realizados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) rexistraron, a comezos de século, un aumento da bilingüización e, a partir do ano 2013, unha subida da porcentaxe de castelanfalantes iniciais. Os datos máis recentes (IGE2018) indican un pequeno aumento (+0,5%) de falantes iniciais en galego, moi significativo porque indicaría unha “inflexión histórica da dinámica sociolingüística” pero que non se debe confirmar antes da publicación dos resultados das próximas enquisas.




Figura 2. Lingua inicial e lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos, 2003-2018 (%). Fonte: Monteagudo (2022)

	Porcentaxe						Total
	De 5 a 14 anos	De 15 a 29 anos	De 30 a 39 anos	De 40 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	
Galego	18,89	27,82	30,42	33,46	46,88	65,72	42,19
Castelán	49,50	38,00	34,99	37,21	30,74	17,73	31,72
As dúas	29,21	31,00	30,72	25,66	20,25	15,93	23,68
Outras situacións	2,40	3,18	3,87	3,66	2,13	0,63	2,41
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Figura 2. Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar por idade en Galicia (%). Fonte: IGE2018

Ante este panorama, consideramos o estudo dos procesos de transmisión da lingua ás xeracións máis novas un asunto amplamente relevante. Como o conxunto galego non é abordable nun traballo destas características, centraremos o noso estudo nunha área reducida da xeografía que ademais, segundo o IGE2018, mantén a segunda porcentaxe máis alta de poboación galegofalante de toda Galicia (datos xerais sobre a comarca da Costa da Morte: 92,43%).

Cos obxectivos referidos, nas seguintes páxinas incorporamos un capítulo previo con algunhas cuestións máis teóricas e necesarias para comprender o fenómeno da transmisión lingüística interxeracional -política lingua familiar, relevancia do factor xeográfico e tipoloxía de familias- e un capítulo sobre a metodoloxía empregada para, posteriormente, proceder á presentación dos datos e á súa análise, esperando achegarnos da maneira máis concluínte posible á realidade da transmisión interxeracional do galego nestes concellos.

2. CUESTIÓNS PREVIAS

2.1. FAMILIA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA

A principal institución para o mantemento lingüístico é a familia (Fishman 1991), especialmente no caso das linguas minoritarias para as que a transmisión interxeracional representa un factor vital. Emporiso, a familia non é unha entidade completamente independente, senón que está moi condicionada polos factores sociais que a rodean. Por iso, en situacións de contacto lingüístico, como é o caso do galego e o castelán en Galicia, os cambios

sociais poden alterar a xestión da diversidade lingüística no plano familiar e favorecer o desprazamento dunha por outra (Ramallo 2012).

Para comprender isto, é mester facer referencia ó concepto de “política lingüística familiar”. En xeral, a política lingüística implica calquera decisión tomada sobre unha lingua por cuestións persoais, familiares, grupais, locais, empresariais, estatais e nacionais (Spolsky 2012) pero é habitual relacionala exclusivamente coa política governamental que (nun sentido arriba-abaxo) intenta controlar hexemonicamente mediante leis, normas, propagandas... as competencias e as prácticas lingüísticas (entre outros factores) da poboación. (Spolsky 2009, citado en Nandi 2019).

No entanto, en contextos bilingües ou plurilingües, outras institucións como a familia, e concretamente os proxenitores como os seus principais actores, tamén xestionan o desenvolvemento lingüístico dos seus fillos e mediante o establecemento das súas propias micropolíticas que, dende abaixo, poden ou non subverter a orde establecida. Así, a política lingüística familiar (PLF) fai referencia ó “conxunto de decisións explícitas ou implícitas que os membros adultos da familia toman sobre o uso lingüístico e a aprendizaxe das linguas dos nenos no ámbito familiar [...] considerando que fortalecerán a súa posición social e apoiarán as súas metas na vida” (Nandi 2019) e implica un proceso de negociación continua entre os membros da familia en función de tres variables fundamentais: ideoloxía, xestión e práctica (Spolsky 2004).

A ideoloxía lingüística ten que ver coas crenzas sobre un determinado idioma que posúe a comunidade, e está determinada por factores socioculturais (valor simbólico atribuído á lingua como manifestación dunha identidade), socioeconómicos (investimento na súa aprendizaxe...), socio-políticos (estatus oficial, estándar...) e sociolingüísticos (asociación cunha clase social particular...). En definitiva, condensa o influxo macro-social na PLF (Nandi 2019).

Pola súa banda, as prácticas lingüísticas remiten aos “comportamentos lingüísticos sistemáticos e esperados que constitúen o uso do idioma en diferentes contextos e para fins específicos” (Monteagudo, Nandi & Loredó 2020) e están amplamente condicionadas polo factor ideolóxico. Tal e como apuntan os autores, o feito de escoller unha lingua e non outra nunha sociedade bilingüe xa pon de manifesto as ideoloxías lingüísticas dos proxenitores, posto que actúan en función do valor que lle atribúen a cada lingua, ou do que lle atribúe a sociedade.

A xestión lingüística refírese á planificación, ás “decisións conscientes e explícitas dos pais e outros membros adultos da familia para manter o control do comportamento lingüístico dos

nenos nun contexto dado” (Monteagudo, Nandi & Loredó 2020). Teñen que ver coas expectativas dos proxenitores sobre o desenvolvemento lingüístico dos seus fillos pero tamén con outras circunstancias como o coñecemento que posúan sobre o bilingüismo social, as experiencias persoais co idioma minoritario... A intervención dos pais na xestión lingüística implica “actividades de alfabetización formais e informais” como ler nunha determinada lingua, asistir a clases extraescolares... (Monteagudo, Nandi & Loredó 2020).

Estes tres axentes están moi relacionados e ás veces a súa diferenciación non é sinxela no ámbito familiar. O seu estudo é relevante na medida en que amosa como os procesos de transmisión lingüística interxeracional e as decisións tomadas polos membros adultos con respecto ó desenvolvemento lingüístico das xeracións máis novas non son illadas senón que están influenciadas por outros macro-factores sociolingüísticos, socioeconómicos, socioculturais, urbanísticos... De feito, o influxo destes axentes externos pode chegar a alterar o papel fundamental que orixinariamente se lle atribúe á familia no proceso de aprendizaxe das linguas:

Quando las diferentes variables involucradas en la promoción de la transmisión de la lengua minoritaria no se acaban de sincronizar, puede suceder que la familia juegue un papel activo en la reproducción lingüística, pero que la acción de otros actores eventualmente cambie la distribución funcional de las lenguas en ese contexto (Monteagudo, Nandi & Loredó 2020).

É posible que unha familia en contexto bilingüe intente reproducir nas novas xeracións unha lingua concreta e que estas, pola acción doutros factores, rematen empregando a outra. Así mesmo, tamén se pode dar o caso contrario e que unha familia decida non transmitir unha determinada lingua pero que esta chegue ós membros máis novos pola acción doutras institucións (ensino, medios de comunicación...) que nos últimos anos adquiriron grande transcendencia nos procesos de socialización primaria (Monteagudo, Nandi & Loredó 2020). Neste sentido, Ramallo (2012) invita a “matizar” o papel central que tradicionalmente se lle outorgou á institución familiar nos traballos sociolingüísticos en relación á promoción das linguas en situación regresiva: “estamos acostumbrados al uso de la reproducción lingüística como el principal argumento para evaluar la situación social de las minorías lingüísticas. Sin embargo, por lo general, la reproducción intergeneracional en la familia es más una consecuencia y no tanto una causa”. O autor considera esencial reforzar o prestixio da lingua minoritaria na sociedade para motivar tanto o seu uso como a súa reprodución na familia, así como para crear “novos falantes adultos conscientes do valor que entraña a lingua local”.

Ademais do condicionamento externo ao que está sometida a unidade familiar, tamén é importante facer referencia á autoxestión individual que cada un dos membros pode levar a cabo dentro dela. As decisións dos pais non son concluíntes porque as crianzas, que tamén socializan fóra da casa, desenvolven a súa propia axencia e poden discrepar e abandonar as eleccións lingüísticas realizadas polos seus proxenitores para eles (Luykx 2022, citado en Nandi 2023a). Véxase o caso dos neofalantes en Galicia, que non aprenderon a lingua galega por transmisión familiar senón de maneira autodidacta ata converterse en falantes habituais.

É obvio que a familia non debe ser comprendida como un todo unificado. Cada un dos seus membros administra de maneira individual -nalgunha medida- os seus usos lingüísticos, atópase fondamente condicionado polos elementos sociais macro e interactúa con axencias secundarias. Con todo, non se pode negar a súa relevancia como entidade para a adquisición das linguas, e o caso do galego representa un extraordinario exemplo ao respecto, posto que súa vitalidade demográfica estivo garantida historicamente polo uso familiar informal.

2.2.A IMPORTANCIA DO *HÁBITAT*. COSTA DA MORTE: BREVE CARACTERIZACIÓN DA ÁREA DE ESTUDO


En relación ao comentado, un dos factores que máis condiciona a reprodución interxeracional da lingua na familia é o *hábitat*, e nomeadamente a dicotomía urbano / rural (Ramallo 2012; Loredó & Monteagudo 2017; Monteagudo, Nandi & Loredó 2020; Iglesias Álvarez & Acuña Ferreira 2022). Dende a elaboración do I Mapa Sociolingüístico de Galicia (1992) está comprobado que a desgaleguización é maior no territorio urbano que no rural. Tal e como indican os datos do IGE2013, a medida que o tamaño do lugar de residencia (i.e. concello) é menor, a incidencia do galego como lingua herdada é maior, pasando do 37,1% nas cidades de máis de 50.000 habitantes ó 76% nas poboacións de menos de 10.000. Como lingua transmitida aos fillos, as porcentaxes son 20,7% e 69% respectivamente (Loredó & Monteagudo 2017).

Na mesma liña, o ITIgal sitúa a caída da transmisión nos núcleos territoriais de menos 10.000 habitantes nun valor de -0,07 e, nos lugares de máis poboación, en máis do dobre (Monteagudo, Loredó & Vázquez 2016). Loredó & Monteagudo (2017) traballaron con este índice a nivel comarcal e comprobaron que as áreas con maior transmisión do galego se caracterizaban por ter unha gran extensión xeográfica e unha poboación maioritariamente rural. Concretamente, destacaron a zona centro de Galicia, o sur da provincia de Ourense e o este da provincia de Lugo.

O 70% das comarcas galegas teñen máis dun 80% de galegofalantes, pero como a extensión territorial non se corresponde coa densidade poboacional estas comprenden menos do 50% da poboación galega. Pola contra, as áreas urbanas máis poboadas (A Coruña e Vigo, onde reside un terzo da cidadanía) son aquelas onde a presenza do galego é menor. Trátase do “eixo atlántico” no que actualmente se congrega o tecido socioeconómico da comunidade: “a distribución por tamaño da poboación leva implícita unha serie de factores socioeconómicos fundamentais para calquera análise sociolingüística, e no caso galego [...] as áreas cunha maior densidade poboacional, taxas de natalidade e perspectivas de futuro, entre outros datos socioeconómicos, son aquelas con peores resultados en relación á transmisión do idioma galego” (Monteagudo, Loredo & Vázquez 2016).

Neste Traballo Fin de Grao analizarase a transmisión lingüística no noroeste da provincia da Coruña, e concretamente nos seguintes concellos: A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Coristanco, Malpica, Muxía, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

Todos eles forman parte da área da Costa da Morte (tal e como foi definida polo IGE) pero, tendo en conta que no seu conxunto esta sería inabarcable nun traballo destas dimensións, a selección destes dez municipios responde á vontade de establecer unha área de estudo o máis homoxénea posible. Correspóndese coa



zona máis externa da comarca e, ademais **Figura 3.** Área de estudo por concellos. Elaboración propia. desta proximidade xeográfica, os dez comparten similitudes demográficas.

Trátase polo tanto dunha zona maiormente rural con escasa densidade poboacional. Segundo os datos máis recentes do IGE (2023), estes concellos suman unha poboación total de 88.193 habitantes e case todos eles teñen menos de 10.000 cidadáns, excepto A Laracha (11.543 hab.) e Carballo que, con 31.416 habitantes, de ningún xeito pode considerarse un municipio rural.

Segundo o IGE (2018), a Costa da Morte é a segunda comarca de Galicia na que máis galego se fala (92,43% de galegofalantes habituais ou persoas que falan máis galego ca castelán), só por detrás da Coruña suroriental (93,14%). Neste módulo dedicado ao coñecemento e uso do galego, o IGE2018 tamén inclúe información sobre a “língua na que lles falaban os seus pais cando eran nenos” e un 95,08% dos enquisados nesta área manifestou que “en galego sempre ou máis galego ca castelán”.




Figura 4. Mapa das áreas comarcais galegas polo número de galegofalantes e castelanfalantes habituais. 2013. Fonte: Monteagudo, Loredó & Vázquez 2016

Outras variables sobre as que se achegan datos específicos a esta comarca son as seguintes:

	Moito/Bastante	Pouco/Nada
Persoas que saben falar en galego	99,09	0,91
Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado ²	99,89	0,11
Persoas que saben escribir en galego	62,49	37,51
Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito	80,77	19,13

Táboa 3. Competencias en galego da poboación da Costa da Morte (%). Elaboración propia. Fonte: IGE 2018.

	Galego	Castelán	Ambas
Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor para falar	69,65	3,92	26,42
Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor para ler	16,05	59,70	24,25
Persoas segundo a lingua na que se desenvolven mellor para escribir	17,54	57,41	25,05
Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente	92,43	7,57	-
Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente	31	69	-

Táboa 4. Uso e competencias en galego da poboación da Costa da Morte. Elaboración propia. Fonte: IGE 2018.

Estes son os datos que se presentan no IGE (2018) sobre a Costa da Morte e polo tanto tamén son válidos para contextualizar o uso da lingua na pequena selección de concellos coa que aquí

² A incidencia de persoas que saben falar galego pero non escribilo é do 14,44%. A incidencia de persoas que entenden o galego falado pero non saben escribilo é do 14,58% (IGE2018).

traballaremos. Nunha primeira achega, o que se percibe é que a predominancia do galego como lingua oral, habitual e familiar da ampla maioría (case totalidade) da poboación non vai acompañada do mesmo desenvolvemento nas destrezas lecto-escritas, pois unha porcentaxe importante das persoas desenvólvense mellor escribindo e lendo en castelán.

Nas seguintes páxinas preténdese describir o panorama sociolingüístico desta área a partir do testemuño das propias familias que alí residen. Estímase que a análise cualitativa das súas experiencias vitais e lingüísticas permitirá coñecer dunha maneira máis pormenorizada os factores que condicionan as súas escollas lingüísticas.

2.3. TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL E PERFÍS SOCIOLINGÜÍSTICOS

Un dos grandes problemas que existen no estudo da transmisión lingüística interxeracional ten que ver coa cuestión metodolóxica. Ramallo (2012) consideraba infrutuoso avaliar o estado da cuestión simplemente a partir dunha pregunta ás familias sobre a súa lingua materna porque, aínda que se trate dun dos recursos máis empregados, a transmisión é un proceso moito máis complexo e con implicacións maiores.

A partir da consideración de que o concepto “transmisión interxeracional” alude á relación entre lingua herdada e lingua transmitida, ao longo dos anos desenvolvéronse diferentes estratexias para “medir” esta cuestión. Como se recolle en Monteagudo, Loredó & Vázquez (2016), algúns traballos estudan a relación entre a lingua inicial / lingua habitual e lingua cos descendentes (Ramallo 2012), a lingua cos pais / lingua cos descendentes (Sorolla e Vila 2013), a lingua que lle falaban os pais cando eran nenos / lingua cos descendentes (Loredó 2015; Loredó & Monteagudo 2017), etc. Ademais, tamén se desenvolveron fórmulas como o ITIgal e o ICLgal que, como xa mencionamos, abordan o tema dende unha perspectiva numérica.

A partir da relación entre lingua herdada e a lingua transmitida, Monteagudo, Loredó & Vázquez (2016) clasificaron a poboación galega en diferentes grupos sociolingüísticos. Distinguiron entre mantedores (herdan a lingua e transmítenllela aos seus fillos, tanto o galego como o castelán), desgaleguizados (herdan o galego e transmiten o castelán), galeguizados (herdan o castelán e transmiten o galego, tamén denominados neofalantes) e outras situacións, que inclúen as parellas mixtas que poden adoptar diferentes posturas.

Nese mesmo estudo, a partir dos datos do IGE2013 comprobaron que os mantedores representan o perfil maioritario en Galicia, cunha certa vantaxe para a reprodución do galego, que os desgaleguizados supoñen 17% da poboación e os galeguizados tan só o 2%.




Figura 2. Comportamentos na transmisión lingüística familiar –lingua que lle falaban os pais de pequeno, lingua cos descendentes 2013 (%) Fonte: Monteagudo, Loredó & Vázquez (2016)

Este modelo de tipoloxías, desenvolto amplamente nos traballos de carácter cuantitativo que manipulan grandes cantidades de datos, centra o seu obxecto de estudo nos individuos e as súas traxectorias lingüísticas persoais. Por iso, para profundar nos procesos de transmisión interxeracional estritamente no seo da propia familia, no marco do proxecto “A lingua das familias” (ALFA) que se está a desenvolver no Instituto da Lingua Galega, adaptouse unha tipoloxía que permite clasificar as familias galegas segundo o seu papel na transmisión do galego ao longo de tres xeracións, tal e como se recolle na táboa 2:

TIPO DE FAMILIA		LINGUA HERDADA POR XERACIÓN
MANTEDORA		G(X1) - G(X2) - G(X3)
ASIMILADA		C(X1) - C(X2) - C(X3)
SUBSTITUTIVA	X1 - X2	G(X1)- C(X2) - C(X3)
	X2 - X3	G(X1) - G(X2) - C(X3)
RECUPERADORA	X1 - X2	C(X1) - G(X2) - G(X3)
	X2 - X3	G/C (X1) - C(X2) - G(X3)
BILINGÜE	MANTEDORA	G/C (X1) - G(X2)
		G/C ((X2) - G(X3)
	SUBSTITUTIVA	G/C (X1) - C(X2)
		G/C (X2) - C(X3)
RECUPERADORA	G/C (X1) - C(X2) - G (X3)	

Táboa 2: Tipoloxía das familias en relación á transmisión interxeracional. Elaboración propia. Fonte: ALFA

Esta tipoloxía céntrase plano familiar: X1 é a xeración dos avós, X2 a dos pais e X3 a dos fillos, que se considera que aínda non tivo descendencia. As etiquetas G (galego) e C (castelán) refírense única e exclusivamente á lingua inicial, isto é: aquela que lles foi transmitida polos proxenitores, sen ningunha alusión á lingua habitual de cada individuo. Así, unha persoa pode levar a etiqueta G(X2) e ao mesmo tempo ser falante habitual de castelán e transmitir o castelán á X3. Desta maneira, a lingua que cada xeración lle transmite á súa descendencia reflíctese sempre na seguinte. Pedro Iglesias (2022), que empregou esta clasificación no seu Traballo de Fin de Grao sobre as familias da área de Compostela, exemplificaba isto cun caso práctico:

“Unha familia na que X3 está formada por un individuo recuperador (é dicir, unha persoa que recibiu como lingua inicial o castelán, mais decide empregar como lingua habitual o galego) non pode ser considerada recuperadora, xa que X3 aínda non transmitiu, ao non ter descendencia, ningunha das dúas linguas a unha hipotética X4. Neste caso, a familia seguiría sendo considerada asimilada” (Iglesias 2022)

En canto ao bilingüismo, esta tipoloxía non tomou en consideración os casos de bilingüismo inicial de maneira illada. A partir da idea de que as familias sempre antepoñen unha lingua á outra, os casos de +G e + C inclúense nas etiquetas G e C. Só as familias “bilingües plenas” (i.e. aquelas nas que un dos proxenitores transmite o galego e outro o castelán) se incluíron na clasificación, tal e como xa se recolleu na Táboa 2.

Ademais, a partir desta tipoloxía de familias, os seus membros tamén poden ser clasificados segundo a lingua que transmitan aos seus descendentes, da seguinte maneira:

- Transmisores: herdán o galego e transmíteno aos seus fillos
- Asimiladores: herdán o castelán e transmíteno aos seus fillos
- Interruptores: herdán o galego e transmiten o castelán
- Recuperadores: herdán o castelán e transmiten o galego

É obvio que este tipo de clasificacións simplifican e esquematizan situacións que na realidade son moito máis complexas e que as familias non sempre se corresponden estritamente cun perfil concreto. Emporiso, permiten manipular e cotexar cantidades de datos que doutra maneira serían inabarcables, polo que son de grande utilidade para os traballos cuantitativos. O retrato da realidade sociolingüística que se pode compor a partir delas resulta moi esclarecedor e facilita a comprensión das dinámicas de transmisión lingüística na nosa comunidade.

3. METODOLOXÍA

Coa finalidade de afondar no coñecemento sobre os diferentes procesos de transmisión interxeracional da lingua galega no ámbito familiar, nas seguintes páxinas analizaremos unha mostra de vinte e catro familias tomadas do corpus “A lingua das familias” que, como xa foi comentado, dende o ano 2005 se está creando no Instituto da Lingua Galega. Así pois, traballaremos cunha serie de traballos realizados dende esa data polos estudantes da materia de Sociolingüística galega, do Grao en Lingua e Literatura galega (USC), que reconstrúen o historial sociolingüístico dunha familia ao longo de tres xeracións. Os traballos foron realizados a partir dunha entrevista con cada un dos membros da unidade familiar, e achegan información sobre diferentes variables como a lingua inicial, a lingua habitual, as competencias lingüísticas, as actitudes... ademais de información sobre outro tipo de factores sociais que poden interferir nos seus usos lingüísticos, como a idade, o lugar de nacemento e de residencia, os cambios de residencia, a emigración, o nivel de estudos ou a ocupación, entre outros.

Nun primeiro momento, o obxectivo deste traballo era investigar a transmisión lingüística nas familias da Costa da Morte, mais debido ao gran número de traballos que existen no corpus sobre esa zona xeográfica, esta foi acoutada de maneira que tan só se investigarán os concellos máis occidentais da comarca, tamén xa referidos. O criterio definitivo para a súa selección foi que o informante da primeira xeración da familia nacera nalgún destes municipios. De feito, son poucas as familias -referímonos á mostra estudada- que permaneceron durante as tres xeracións nesta área concreta, mais considerouse interesante investigar tamén como a mobilidade posterior da familia (mudanzas, emigración...), sobre dende o rural ó urbano, pode afectar ao fenómeno da transmisión lingüística.

Unha vez seleccionada a mostra, consultamos con profundidade cada un dos traballos e agrupamos a información tirada deles por xeracións, dende a máis vella á máis nova. Tal e como se poderá comprobar no capítulo que segue, a presentación en conxunto dos datos permite comparar os diferentes contextos sociolingüísticos nos que se desenvolveu cada membro da familia, e como condicionaron o mantemento ou a substitución da lingua en cada caso, pois como xa se comentou, as estratexias das familias sobre a adquisición lingüística dos seus membros máis novos non son illadas, senón que están condicionadas por outro tipo de factores sociais, culturais, económicos, etc.

Despois desta contextualización, procederemos a analizar a transmisión lingüística interxeracional propiamente dita. Para isto, en primeiro lugar, clasificaremos as familias

segundo a tipoloxía proposta, e logo analizaremos os móbiles que as levan a actuar dunha ou doutra maneira. Con todo isto, esperamos contribuír na maior medida posible ao coñecemento deste fenómeno tan significativo para a Sociolingüística galega e tan pouco estudado por ela.

O carácter reducido da nosa mostra non permitirá, en ningún caso, sacar conclusións determinantes dende unha perspectiva cuantitativa sobre a transmisión lingüística interxeracional nesta área do territorio galego. Dende o punto de vista metodolóxico, este traballo ten un carácter fundamente analítico e pretende ser un estudo cualitativo e interpretativo do proceso de transmisión, tal e como é característico nas investigacións sobre PLF que se basean en entrevistas persoais (Iglesias Álvarez & Acuña Ferreira 2022).

4. PRESENTACIÓN DE DATOS

Os traballos do corpus “A Lingua das Familias” (ILG) ofrecen unha gran cantidade de información sobre as familias estudadas e abranguen aspectos moi diversos como a súa traxectoria vital, os seus usos lingüísticos, as destrezas orais e lecto-escritas, as actitudes lingüísticas... Por iso, para a súa presentación neste capítulo optouse por unha división en xeracións, dende a máis vella (X1) á máis nova (X3) e, dentro de cada unha, atenderase por separado a 1) traxectoria biográfica dos individuos, 2) prácticas e destrezas e 3) actitudes lingüísticas.

4.1. PRIMEIRA XERACIÓN (X1)

Para comezar, achégase unha táboa³ con algunha da información máis relevante dos individuos desta xeración:

Nº FAMILIA	ANO DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	CAMBIO DE RESIDENCIA	EMIGRACIÓN	NIVEL DE ESTUDOS	OCUPACIÓN	LINGUA INICIAL	LINGUA HABITUAL
33	1929	A Laracha	3, 1	Suíza, Francia	-	Construtor	Galego	Galego

³ Para maior funcionalidade e homoxeneidade, no lugar de nacemento indícase tan só o concello. No cambio de residencia, 1 = RUR>URB, 2 = URB>RUR e 3 = RUR>RUR. A emigración, ao ser temporal, non se considerou un cambio de residencia; cando se sinala que houbo emigración e cambio de residencia é porque se produciu ao retornar a Galicia. O nivel de estudos básico refírese á Educación Primaria, o nivel medio á Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional básica, e o nivel superior á educación universitaria e a FP superior. Por lingua inicial enténdese a que lles foi transmitida polos pais. Por lingua habitual, a que empregan no seu día a día. Os casos “bilingüe máis galego” ou “bilingüe máis castelán” inclúen aquelas persoas que empregan unha lingua habitualmente pero cambian en determinados contextos ou en función do seu interlocutor. Séguense os criterios adoptados por Iglesias (2022) no seu Traballo Fin de Grao sobre a transmisión interxeracional na área de Compostela.

46	1932	A Laracha	Non	Non	Básico	Alfaiate	Galego	Bilingüe máis galego
83	1934	Malpica de Bergantiños	Non	Non	Básico	Agricultora, gandeira, vendedora de leite	Galego	Galego
98	1933	Muxía	1, 3	Suíza	-	-	Galego	Galego
121	1946	Vimianzo	1, 2	Suíza	Básico	Agricultor, camareiro, construtor	Galego	Galego
151	1934	Vimianzo	Non	Venezuela, Suíza	Básico	Agricultura e gandaría, construción	Galego	Galego
152	1930	Carballo	Non	Francia, Suíza	Básico	-	Galego	Galego
158	1938	Malpica de Bergantiños	Non	Non	Básico	Agricultora	Galego	Galego
166	1932	Malpica de Bergantiños	Non	Non	Básico	Gandeira	Galego	Galego
168	1935	Zas	Non	Non	Básico	Agricultora	Galego	Galego
176	1935	Cabana de Bergantiños	Non	Non	Básico	Agricultor	Galego	Galego
187	1925	Santa Comba	3	Non	Non	-	Galego	Galego
193	1935	Malpica de Bergantiños	1, 3	Non	Superior	Mestre	Galego	Bilingüe máis galego
224	1943	Coristanco	Non	Non	Básico	Agricultora, cocineira	Galego	Galego
250	1930	Carballo	Non	Asturias, Uruguai, Suíza	Básico	-	Galego	Galego
256	1946	Santa Comba	3	Suíza	Básico	Labores domésticas	Galego	Galego
257	1934	Camariñas	1	Non	-	Agricultora, operaria en mina de volframio	Galego	Galego
281	1929	Santa Comba	3	Non	Básico	Labores domésticas, gandeira	Galego	Galego

291	1947	Carballo	Non	Non	Básico	Labores domésticas, gandeira	Galego	Galego
303	1944	Cabana de Bergantiños	Non	País Vasco	Básico	-	Galego	Galego
310	1951	Santa Comba	Non	Cataluña, Suíza	Básico	Labores domésticas, gandeira	Galego	Galego
327	1953	Cabana de Bergantiños	1	Non	Básico	Operador de comunicación	Galego	Galego
337	1952	Santa Comba	Non	Brasil	Básico	Labores domésticas	Galego	Galego
342	1940	Camariñas	1	Non	Básico	Labores domésticas, palilleira	Galego	Galego

Táboa 6. Primeira xeración: información básica. Elaboración propia. Fonte: ALFA

4.1.1. Perfil e traxectoria biográfica

Os individuos desta xeración naceron maioritariamente nas décadas de 1930 e 1940, así que algúns viviron a Guerra Civil (1936-1939) e medraron durante os anos máis “tenebrosos, represivos e miserentos” do réxime franquista que Monteagudo (2021) sitúa entre a fin da guerra e a década dos sesenta, no período da autarquía. Ademais, foron partícipes do precario e tardío desenvolvemento que experimentou Galicia neste período como consecuencia da fonda crise económica que arrastraba dende o século anterior, que impediu que se produciran as “transformacións necesarias para a súa integración no proceso de desenvolvemento capitalista”. Debido a ese escaso desenvolvemento industrial, o peso do sector primario foi enorme ata a segunda metade do século XX (no ano 1950 empregaba ó 70% dos galegos e galegas ocupados) e xerouse un excedente poboacional agrario que atoparía na emigración a América e á Europa desenvolvida o seu mellor sustento. En termos demográficos, a comunidade neste momento caracterizábase polo ruralismo e o espallamento, de maneira que a poboación se distribuía fundamentalmente en vilas de pouco tamaño: en 1940, o 82,2% dos galegos vivía fóra das sete principais cidades (Monteagudo 2021).

Acorde con este panorama xeral, todos os enquisados da X1 naceron en pequenos núcleos rurais (aldeas, aínda que na Táboa 5 se optara polos concellos como lugares de referencia) e no berce de familias empregadas no sector primario, ao que tamén se acabaron dedicando algúns

deles (concretamente foron 9 dos 24 entrevistados os que continuaron coa labor dos seus antecedentes). Como se pode ver na Táboa 5, a mobilidade destes individuos era escasa: a maior parte dos cambios de residencia documentados producíronse dentro do ámbito rural, entre parroquias e xeralmente motivados por cuestións familiares como o casamento. Ningún dos membros desta xeración trasladou a súa residencia ó ámbito urbano, a non ser os que emigraron. En canto á lingua, como era característico na Galicia rural desta época, todos os individuos tiveron como lingua inicial o galego.

O acceso ó ensino da X1 foi escaso e precario, e a súa duración (así como outras circunstancias) variaba moito en función de cada caso concreto. Na Táboa 5 xa se indica a existencia de varios informantes sen ningún tipo de acceso á escola, como eles mesmos apuntan: “que che *von disir* eu a ti se son analfabeta” (X1-257), “naquel tempo apenas había *escuelas* porque foi a cando no tempo da *gherra*” (X1-33). Hai que ter en conta que na Galicia de comezos do século XX non existía un sistema educativo ben implantado que regulara a educación das crianzas, polo que esta respondía, dito de xeito coloquial, á sorte de cada un. Así, no contexto rural en que naceron os enquisados, era bastante habitual que os rapaces e rapazas tiveran que axudar na casa coas tarefas do campo e isto impedíalles en moitas ocasións dedicarse ás escolares: X1-158 confesa que acudía á escola unha hora ó día “mentres os labradores durmían” e X1-257 afirma que seus pais “solo puxeron na escola á miña irmán máis vella, porque era *mui* débil e pa traballar na terra non valía”.

Entre os que tiveron a posibilidade de estudar son maioría aqueles que cursaron tan só o nivel máis básico: “teño a cartilla de *escolaridá* primaria, que daquela era o que había” (X1-224). En xeral, só aprendían a ler, a escribir e a facer as contas máis elementais porque as condicións escolares eran nefastas: as aulas impartíanse en locais rurais improvisados que non foran concibidos para esta función e os mestres adoito carecían de máis formación que os estudos básicos: “a *maestra* marchou tan decontado que *despós* quedamos todos así... *sin* nada, e *túvenme* que dedicar a *panillare*” (X1-342). Tan só X1-193 acadou un nivel de estudos superior co título de Mestre de Ensino Primario, profesión que ademais exercería durante toda a súa vida. No traballo non se achegan máis datos sobre as circunstancias que rodearon a súa formación, pero non parece desatinado pensar nunha situación familiar máis acomodada que as restantes.

En canto ó uso da lingua na escola, os individuos desta xeración viviron experiencias diferentes. Maioritariamente aprenderon a ler e escribir en castelán pero na oralidade a

realidade era outra, e os que estaban obrigados a empregar esa mesma lingua tanto para comunicarse entre eles como para dirixirse ao profesor (X1-256: “había que falar *castellano* senón dábanche nas uñas coa *regla*”) constituían unha minoría. Entre a rapazada o común era conversar en galego e moitos dos entrevistados comentan que os propios profesores tamén falaban galego con eles porque eran da súa mesma zona. As carencias do aparello educativo xa comentadas explican estas irregularidades.

No contexto que referimos, as posibilidades de promoción social eran bastante remotas e moitos galegos en idade de traballar optaron por emigrar para mellorar as súas condicións de vida. Ata a década dos 60 o destino preferente foi América e logo Europa, aproximadamente até os anos 80 (Monteagudo 2021). Porén, nos datos que manexamos no corpus chama a atención que os principais destinos desta xeración xa foron Suíza e Francia, e tan só 3 dos 10 emigrados cruzaron as augas: X1-151 cara a Venezuela, X1-250 cara a Uruguai e X1-337 para Brasil. En calquera dos casos, a emigración nunca supuxo o abandono da lingua galega. Segundo os testemuños cos que contamos, os galegos nestes novos destinos aprenderon (escasamente) novos idiomas como o italiano, o francés ou o alemán, pero a súa lingua habitual continuou a ser o galego. Emigraran tan só os homes ou a familia ó completo, o certo é que as comunidades de galegos creadas na diáspora eran o suficientemente densas como para que estes non precisaran empregar outra lingua e mantiveran o uso da súa lingua inicial, tanto no traballo como nas relacións sociais. Tan só X1-151 e X1-250 aluden na entrevista ó uso do castelán, como é lóxico tendo en conta que emigraron a países de fala hispana. No entanto, X1-151 manifestou que só o empregara “para arranxar documentos na administración ou cando chegaba o patrón, que era de Caracas” e X1-250 que o empregara coa xente nova que coñecera en Asturias e en Uruguai mais que durante a súa estadía en Suíza falara galego porque a xente era case toda galega. A convivencia con galegos é o factor que todos os enquisados destacan como motivo principal para o mantemento do uso do galego, especialmente en Francia e Suíza. Ademais, tamén é preciso ter en conta que estamos ante dez casos de emigración temporal, tamén denominada “emigración andoriña” (Monteagudo 2021), e que ao cabo duns anos todos retornaron a Galicia.

Gran parte deles establecéronse de novo nas aldeas e vilas das que partiran, nun ambiente que non convidaba á substitución lingüística: “se vimos falando *castellano* poríannos unha bomba! [...] ríndose de nós, non? Tamén nós se *escuitábanos alghún* tamén nos ríanos del” (X1-310). X1-256 ao retornar asentouse en Santiago de Compostela, X1-121 na Coruña, X1-151 trasladouse do seu lugar natal (A Toxa) para a vila de Vimianzo... pero aínda así continuaron a

empregar o galego como lingua habitual, da mesma maneira que os enquisados que non emigraron e permaneceron en Galicia.

Finalmente, non se poden pasar por alto os efectos da diglosia funcional que existía no momento. Como o castelán era a lingua dos contextos formais e o galego a lingua dos informais, moitos dos integrantes desta xeración recoñecen o uso do castelán nalgunhas situacións comunicativas, fundamentalmente cando seu interlocutor tamén o emprega, como veremos no seguinte apartado. Así as cousas, non se pode afirmar que a xeración I sexa plenamente monolingüe en galego senón que tamén é preciso facer referencia á existencia de “falantes funcionais”.

4.1.2. Prácticas e destrezas lingüísticas

As traxectorias biográficas dos integrantes desta primeira xeración, que acabamos de comentar, permiten comprender as súas prácticas (uso do galego e do castelán) e destrezas (orais e lecto-escritas) no galego e castelán.

Nalgunha medida, as prácticas lingüísticas xa foron comentadas no capítulo anterior. Todos os membros da X1 son falantes iniciais e habituais de galego, e algúns empregan o castelán de maneira funcional en conversas con persoas castelanfalantes como o mestre, o médico, persoas da vila de maior status social e económico, retornados da emigración, “xente rica que durante o inverno vivía na Coruña e viña a Malpica no verán, aínda que eran *daquí* falaban castelán porque llo ensinaban alá” (X1-83), familiares (nomeadamente xenros e noras) de fóra de Galicia e outras persoas foráneas.

Emporiso, o dominio oral do castelán dos membros desta xeración é moi reducido porque se limita ó aprendido na escola e ó escoitado: “*daprendía* que falaban calquera ou tal e eu *apresiaba* esas palabras, pero non *disir daprendía* a falalo e falaba correcta... non daba pa eso” (X1-281), e por iso algúns deles afirman que deixaron de empregalo, como X1-152, que o consideraba un xesto de educación pero ao cometer tantos erros prefíre falar directamente en galego. Pola mesma razón, outros xa nunca o intentaron, véxase X1-176: “falaba como falo hoxe, nos médicos e máis no resto” ou X1-342: “non falaba en castelán nunca porque eu non sabía *castellano* pa falar con outras *personas*, eu *siempre falein* o *ghallegho*”. Nesta liña, son bastante exemplificativas algunhas anécdotas recollidas nas entrevistas, como cando X1-33 se dirixiu á súa nora como “María *Ruesa*” no canto de María Rosa ou cando X1-310 pediu nunha tenda unha botella de “*aseche*” en lugar de aceite, entre outras.

Actualmente, algúns fan referencia ós medios de comunicación como axente castelanizador e consideran que poderían defenderse minimamente nesta lingua (X1-342), mais o certo é que na oralidade é o galego, nas súas respectivas variedades dialectais, a lingua dominada por esta xeración: “unha cousa intermedia, un galego á miña forma” (X1-121), “galego mal falado” (X1-193), “falo o que fala por aquí a maioría da xente que é coma min, porque é así un dialecto que se fala en Galicia a xente coma min, que despois os rapaces de agora estudian e xa falan o galego doutra maneira, eu se non teño estudos grandes falo coma meus pais” (X1-256), “o meu *ghallegho*” (X1-342), “o de *siempre*, o de Bergantiños” (X1-327).

Como se pode ver, entre estes individuos existe unha conciencia plena de que o que eles falan non é galego normativo, e a maioría deles insisten bastante nesa cuestión. Ademais, algúns tamén refiren dificultades para comprender a variedade estándar coa que entran en contacto nos medios de comunicación, principalmente referidas ó léxico (véxase X1-98 ou X1-303).

Por outra banda, na lectura e na escritura os membros desta xeración desenvólvense mellor en castelán, por ser esta a lingua na que accederon ó ensino. Hai que ter en conta que as experiencias neste campo foron moi diversas e que existen algúns que non saben ler nin escribir en ningunhas das dúas linguas, así como outros que din ter máis competencia en galego, pero en xeral a tendencia é que, sobre todo para escribir, se defendan mellor en castelán.

4.1.3. Actitudes lingüísticas

As actitudes lingüísticas desta xeración non se poden afrontar de maneira conxunta porque están amplamente condicionadas polo factor varianza, ó contrario do que se podería esperar tendo en conta a similitude de certas variables sociodemográficas como a idade, o hábitat, o nivel de estudos...

En primeiro lugar, hai que ter en conta que durante moitas décadas o galego foi unha lingua relegada ós ámbitos informais de uso en favor do castelán, a lingua culta e prestixiosa empregada nos máis formais, e que isto incidiu directamente nas actitudes lingüísticas desta xeración cara ó galego. Como xa vimos, todos os seus membros son galegofalantes, pero a maioría comparten un fondo sentimento de inferioridade, auto-desvalorización e vergoña pola cuestión lingüística, ao considerar que non saben falar ben o galego e que a lingua que empregan non é de calidade, como se pode ver xa nalgúns dos testemuños recollidos no capítulo anterior. Sentimento, por outra banda, que non se pode considerar inxustificado porque algúns recordan ter sido vítimas de burlas pola súa fala (véxase X1-337).

O castelán considérano “máis delicado, máis *señorito*” (X1-168, X1-178, X1-291 e X1-310) e tamén máis útil. O seu valor instrumental é o principal argumento que presentan algúns dos individuos para propugnar un maior uso del na sociedade galega: “o castelán é máis importante có galego, co galego non vas a ningún lado” (X1-121). Ademais, en X1-121 e X1-168 percíbese un forte influxo da ideoloxía neoliberal difundida polo nacionalismo lingüístico español, posto que defenden a existencia dun único idioma: “nunha nación só debería haber un idioma” e “en Europa debería haber un só idioma obrigatorio para todos”.

Emporiso, outros enquisados non ven con bos ollos a substitución do galego polo castelán e critican tanto ós galegofalantes que intentaban falalo a pesar de non sabelo, afirmando que eran decote eran ridiculizados polo resto (X1-158, X1-257). Ademais, son moitos os que condenan a ruptura da transmisión interxeracional. Son conscientes de que moita xente educaba ós seus fillos en castelán para intentar garantirilles un mellor futuro: “*muita* xente faláballes *castellano* porque lle parecía máis, como que o *castellano* tiña o seu mérito e os *gallegos* eramos *paletos*, eles pensábano pero non eramos” (X1-256 e tamén X1-158, X1-121). X1-151, por exemplo, confesa que tivo varias disputas coas súas fillas porque non entendía que educaran ós seus netos en castelán, que el lles seguiu falando en galego e que a día de hoxe se considera responsable de que adquiriran as dúas linguas dende o berce.

O compromiso e a conciencia lingüística desta xeración son moi febles e o seu alto grao de uso do galego está motivado por ser a lingua maioritaria no seu contexto vital, e non por cuestións ideolóxicas (só X1-303 compara a situación coa dos vascos, moito mais concienciados sobre o uso da súa lingua). Con todo, a pesar diso e dos prexuízos e complexos xa comentados, a actitude xeracional é bastante positiva cara ó galego. Sobre a variedade estándar, a opinión xeneralizada é boa: consideran que é o “galego mellor falado” (X1-158), o “*ghallegho de verdá*” (X1-310) e que “a xente *ahora* fala máis educadamente” (X1-187). As únicas opinións negativas que ofrecen sobre o variedade normativa teñen que ver coa súa dificultade. Nalgúns casos, tamén é visible a superación de certos prexuízos: “*ahora* é unha marabilla, xa non *eres* analfabeto por falalo” (X1-337).

Por outra banda, tamén consideran que na actualidade se fala máis galego ca antes. X1-158 considera que nas zonas vilegas ou urbanas como Carballo, Ponteceso, Malpica ou a Coruña, onde antes só escoitaba castelán, agora xa non hai “tantos *señoritos*”, e X1-310 que á xente nova “xa non lle importa ir de *chula*, sabe *apresiar* mellor”. En liña con isto, todos os

enquisados comparten unha visión positiva sobre o futuro da lingua e ningún deles valora a posibilidade da súa desaparición.

4.2.SEGUNDA XERACIÓN (X2)

Nº FAMILIA	ANO DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	CAMBIO DE RESIDENCIA	EMIGRACIÓN	NIVEL DE ESTUDOS	OCUPACIÓN	LINGUA INICIAL	LINGUA HABITUAL
33	1961	Carballo	1	Non	Básico	Labores domésticas	Galego	Bilingüe máis galego
46	1960	Carballo	1, 3	Suíza	Medio	Panadeira, enfermeira, dependenta comercio	Galego	Bilingüe máis galego
83	1934	Malpica	Non	Suíza	Básico	Labores domésticas, agricultora, cociñeira	Galego	Galego
98	1959	Muxía	1, 3	Suíza	Básico	-	Galego	Galego
121 ⁴	19	Arteixo	Non	Non	Superior	Funcionario	Castelán	Bilingüe máis castelán
151	1967	Vimianzo	Non	Suíza, Cataluña, Canarias	Básico	Costureira, dependenta, camareira	Galego	Bilingüe máis galego
152 ⁵	1962	Carballo	1	Francia, Suíza	Básico	Feirante	Galego	Bilingüe máis galego
158	-	Ponteceso	Non	Non	Básico	-	Galego	Bilingüe máis galego
166	1971	Malpica	1	Non	Superior	Secretaria	Galego	Bilingüe máis galego
168	1962	Zas	1	Madrid, Suíza	Básico	Empregada do fogar	Galego	Bilingüe máis galego
176	1961	Cabana	Non	Suíza	Básico	Construtor	Galego	Galego

⁴ Neste traballo reconstrúense diferentes historiais sociolingüísticos, que resultan de grande interese para a análise da transmisión interxeracional, como máis adiante se poderá comprobar. Con todo, para a presentación de datos tan só se terá en conta o informante enquisado.

⁵ Neste traballo reconstrúense diferentes historiais sociolingüísticos, que resultan de grande interese para a análise da transmisión interxeracional, como máis adiante se poderá comprobar. Con todo, para a presentación de datos tan só se terá en conta o informante enquisado.

187	1954	Santa Comba	3	Suíza	Básico	Gandeiro	Galego	Bilingüe máis galego
193	1966	Malpica	1	Non	Superior	Técnica de Raios X	Castelán	Bilingüe máis castelán
224	1967	Coristanco	1	Non	Superior	Mestra de Ed. Primaria	Galego	Bilingüe máis galego
250	1971	Carballo	1	Inglaterra	Medio	Dependentista comercio	Galego	Bilingüe máis galego
256	1973	Suíza	1	Suíza	Superior	Informático	Galego	Galego
257	1959	Camariñas	1	Non	Básico	Profesora de encaixe	Galego	Bilingüe máis galego
281	1966	Santa Comba	Non	Non	Básico	Labores domésticas, gandeira	Galego	Galego
291	1969	Carballo	Non	Non	Básico	Servizo de limpeza	Galego	Galego
303	1968	Ponteceso	3	Non	Básico	-	Galego	Bilingüe máis galego
310	1970	Santa Comba	3	Non	Básico	Construtor	Galego	Galego
327	1972	Cabana	1	Non	Superior	Auxiliar de enfermaría	Galego	Galego
337	1979	Santa Comba	Non	Suíza	Medio	Dependentista	Galego	Bilingüe máis galego
342	1966	Vimianzo	1	Non	Superior	Mestra Ed. Secundaria	Galego	Galego

Táboa 6. Segunda xeración: información básica. Elaboración propia. Fonte: ALFA.

4.2.1. Perfil e traxectoria biográfica

Os integrantes da segunda xeración naceron entre as décadas de 1960 e 1970, maioritariamente en pequenas localidades rurais. Como xa se comentou, na xeración antecedente (X1) os cambios de residencia do rural ó urbano foron exiguos e a maioría dos seus membros, sen ter

en conta ós emigrantes, residiron sempre en pequenos núcleos poboacionais. Así as cousas, foi nesos pequenos núcleos onde naceron e pasaron os primeiros anos de vida a maioría dos compoñentes desta X2. Segundo moitos deles apuntan nas enquisas do ALFA, isto foi decisivo para a súa adquisición do galego como lingua inicial: “na zona esta onde estamos nós sempre falaron *ghallegho*, aquí *ninghén* fala *castellano*” (X2-176), “sempre utilizamos o galego, todo a miña familia: meus pais, meus avós... todo o meu entorno era galegofalante” (X2-342). Tan só X2-193 tivo como lingua inicial o castelán porque, aínda que na súa casa se falaba galego, seus pais decidiron educala en castelán para que aprendera as dúas linguas. X2-193 apunta que o castelán era a lingua que empregaba en tódolos ámbitos, que no instituto comezou a empregar o galego pero que a día de hoxe é castelanfalante e que educou ós seus fillos nesta lingua.

O primeiro contacto co castelán do resto dos enquisados produciuse na escola. O aparello educativo ao longo do século XX estendeuse ata abranguer a totalidade da poboación en idade escolar (Monteagudo 2021) e a taxa de alfabetización da poboación aumentou de maneira proporcional ata acadar o 75,59% no ano 1940 e o 93,45% en 1980 (De Gabriel 2013). Isto explica que, a diferenza da anterior, todos os membros desta segunda xeración (X2) tiveran acceso ó ensino. Ademais, nas tres últimas décadas do século XX tamén se produciu un aumento nas posibilidades de acceso aos estudos medios e universitarios, que ata entón estiveran restrinxidos ás clases medias e altas (Monteagudo 2021), así que 7 dos enquisados contan con estudos superiores e 2 con estudos medios, o que contrasta en gran medida coa xeración anterior cuxo nivel educativo fora o máis elemental.

Como indicamos, a universalización da escolarización foi decisiva para a difusión do castelán no medio rural, pois durante a ditadura franquista (1939-1975) o uso galego foi duramente reprimido e excluído das aulas (Monteagudo 2021). Case a totalidade dos enquisados tivo como lingua vehicular no ensino o castelán (unicamente X2-166 comenta que en Malpica recibira clase en galego e que tan só falaban castelán os profesores de fóra) e algúns casos recordan isto como unha experiencia traumática: X2-342 confesa que durante estes anos padeceu fracaso escolar porque lle costou moito aprender a ler en castelán, lingua descoñecida para ela, e X2-257 comenta que os alumnos galegofalantes eran ridiculizados e postos en vergoña diante do resto da clase á voz de “*hablad bien!*” cando se lles “escapaba algo de galego”. Na mesma liña, é especialmente relevante o testemuño de X2-151, posto que as mofas que recibiu durante estes anos -por non saber falar castelán- danárona tanto que provocaron que educara aos seus fillos en castelán, intentando evitar que pasaran pola mesma situación. No entanto, outros dos enquisados refiren unha situación máis permisiva en canto ao uso das linguas, sinalando que

non eran obrigados a empregar ningunha delas en específico, e uns cantos ata indican que os profesores se dirixían a eles en galego: X2-33, X2-166, X2-187, X2-291, X2-303, X2-310 e X2-327.

Así mesmo, esta “segunda xeración franquista” (nados durante a ditadura, Monteagudo 2021) foi a primeira en vivir a chegada do galego ás aulas, despois da entrada en vigor da Lei de Normalización Lingüística (1983), pero tan só 7 dos 24 enquisados fan referencia a isto nas entrevistas do corpus e comentan que cursaron a materia de galego “nun nivel moi elemental” (X2-291) porque “non che *exigían* o galego como cho *exigen ahora*” (X2-310).

Entre os alumnos, a principal lingua de comunicación era o galego. En varios dos testemuños que manexamos indícase que, nestes momentos, os que empregaban o castelán eran os fillos de persoas importantes ou de clase social alta (X2-151, X2-168), como “*ghuardia civiles*” (X2-158), “médicos, avogados, bancarios, mestres...” (X2-303) ou das “persoas máis enriquecidas da época” (X2-303). A amizade con estes compañeiros é a segunda vía de contacto co castelán que os entrevistados sinalan, de maneira que non parece atrevido falar dunha *castelanización dobre* por parte da escola.

Por outra banda, a emigración tamén impactou na nesta xeración, coa Europa desenvolvida como principal destino tal e como era característico entre 1960 e 1980 (Monteagudo 2021): a excepción de X2- 250, cuxo destino foi Inglaterra, todos os demais casos dirixíronse a Suíza, un deles pasando previamente por Madrid (X2-168). Nesta xeración, o galego continuou a ser a principal lingua familiar dos emigrados e varios comentan que tamén o empregaban tanto no traballo como co resto de emigrantes galegos (X2-83, X2-168, X2-250, X2-337). Véxase o caso X2-256, fillo de emigrantes, nacido en Berna, cuxa lingua inicial e habitual foi o galego. Porén, en comparación coa xeración anterior, no corpus que manexamos percíbese unha menor referencia á “comunidade galegofalante” e varias persoas aluden ó castelán, que non tivera presenza na emigración de X1, como a lingua de comunicación entre os compatriotas (X2-46, X2-98, X2-151, X2-337). En calquera dos casos, a emigración foi unha circunstancia temporal e ós poucos anos todos retornaron a Galicia, establecéndose de novo no seu lugar de nacemento ou nun núcleo máis urbano, como Carballo (X2-46), A Coruña (X2-168, X2-250) ou Santiago de Compostela (X2-256).

Esta xeración (X2) viviu a derradeira etapa do franquismo, que transcorreu entre os anos 1960 e 1975 (Monteagudo 2021) e as grandes transformacións que experimentou a sociedade galega dende ese ano asociadas ao *desarrollismo*, tanto na estrutura ocupacional como no grao de

urbanización. Entre 1940 e 1980, o peso porcentual do sector primario reduciuse un 35% a medida que o sector industrial se triplicaba e o terciario se duplicaba (Monteagudo 2021) de camiño a unha sociedade ocupada maioritariamente no sector servizos (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). De xeito paralelo, tamén se produciron cambios no asentamento territorial e a poboación urbana comezou a incrementarse de maneira acelerada, pasando de representar o 17,8% do total galego, no ano 1940, ao 33,1% en 1980 (Monteagudo 2021).

Os datos do corpus ALFA corroboran esta información. Ao contrario do que acontecía coa xeración anterior, tan só foron catro os enquisados da X2 que permaneceron no seu lugar nacemento e tres os que cambiaron de residencia dentro do ámbito rural. O resto trasladáronse a Carballo (X2-33, X2-46), á Coruña (X2-166, X2-168, X2-250) ou a Santiago de Compostela (X2-193, X2-256, X2-257, X2-327, X2-342): centros urbanos que ofrecían máis posibilidades para o seu desenvolvemento profesional, xa que na maioría dos casos son persoas con estudos superiores, como se pode ver na Táboa 6. A mobilidade social aumentou nestes anos e, con ela, tamén o fixo o uso do castelán por parte de individuos orixinalmente galegofalantes:

A relativa estabilidade da diglosia no período do Antigo Réxime estaba asociada á escasa mobilidade. Na medida en que na idade contemporánea esta foi incrementándose, e dado que o emprego do castelán tiña un carácter discriminante, pois constituía unha precondición para o progreso social e para a integración nos novos grupos sociais emerxentes, a diglosia alimentaba a desgaleguización. Iso desencadeou un proceso de substitución lingüística que se acelerou exponencialmente ao longo do século XX, pois aumentaron as motivacións para usalo, melloraron as condicións para aprendelo e ampliáronse as oportunidades de utilizado (Monteagudo 2021).

En efecto, nas cidades o uso do castelán era “un prerequisite de orde práctica para desenvolverse en moitos ámbitos” (Subiela 2010) e por iso, moitos dos nosos enquisados incorporaron esta nova lingua no seu repertorio lingüístico. Non obstante, en ningún dos casos que manexamos o cambio de residencia rural-urbano supuxo o abandono da lingua inicial, senón que provocou, en todos, un aumento do bilingüismo de dominancia galega. Véxase, por exemplo, o testemuño X2-257: afirma que en Camariñas, aínda que falara con algún castelanfalante, sempre empregaba o galego pero que, dende que se trasladou a Santiago, pasou a primar a lingua do interlocutor. Traballou de dependenta nunha tenda e actualmente rexenta outro comercio, e afirma que en ámbolos dous casos o emprego do castelán se debeu ó medo a

importunar ou ofender á clientela castelanfalante. Ademais, recorda cando unha cliente (referíndose á súa filla) lle dixo: “*qué pena! Con lo mona que es la niña, que hable en gallego!*”

X2-342 confesa que foi consciente do conflito lingüístico que existía (existe) en Galicia cando marchou para Vigo a cursar os seus estudos secundarios e comprobou que os galegofalantes “eran marcados, sinalados, por utilizar o galego”: “os meus compañeiros falaban todos castelán, mesmo eu nalgún momento falaba castelán [...] e que nin se me ocorrera utilizar seseo e gheada... aí xa era unha burla total e absoluta”. Un caso similar é o de X2-224, que estudou maxisterio na Coruña: “todo o mundo falaba castelán e na *universidá* de corenta persoas na clase, eramos dúas solas que falabamos galego”. X2-187 e X2-327 tamén foron para a Coruña, traballar en réxime en interno en dous fogares: “fun para Coruña *cuidar* a dúas rapaciñas, fillas de ricos claro, e tíñalle que falar en castelán, *ghallegho* non me entendían [...] o que máis me *fastidia* é que o *abuelo* desas rapaciñas é de Bergantiños, pero claro como eran ricos habíalles que falar o castelán, non entendían non...”.

Como pode ver, son varios os testemuños que refiren como nese novo contexto a sociedade se vía “impelida a abandonar o galego” (Subiela 2010). Neste sentido, a práctica máis frecuente era ceder ante a lingua do interlocutor castelanfalante por “cortesía”, “respecto” ou “educación”, tal e como referiren a maioría dos testemuños que manexamos, aínda que non todos: “eu non me vou molestar pa que a ti che *sea* máis fácil o *castellano*, eu teño a miña forma de falar, *eso* ante todo, a que me falaron” (X2-310). É interesante o relato anecdótico de X2-327: “dígolle a unha señora «mire, este é o mando da cama» e dime: «*no le entiendo, hábleme castellano*» [...] Home, claro que non llo falei, por *obligarme*, que se vía que non entendía xa eu había de facer... anque fora por *señas*”.

4.2.2. Prácticas e destrezas

Como referimos, os individuos desta xeración son (menos un) galegofalantes iniciais, pero debido á grande presión social exercida polo castelán diversificaron as súas prácticas lingüísticas ata converterse en persoas bilingües de dominancia galega, na maioría dos casos. Como ocorría na xeración anterior, o cambio de lingua ante un interlocutor castelanfalante é unha acción común e ademais, o castelán instalouse en novos ámbitos como o traballo, as relación sociais e mesmo a familia.

En xeral, na oralidade X2 considera que ten máis capacidade para desenvolverse en galego, aínda que non na variedade normativa: “un galego un pouco chapuceiro” (X2-46, X2-310),

“no do dialecto, no estándar ese non” (X2-327). Como xa se indicou, a maioría tan só cursou unha materia de lingua galega e non moi rigorosamente. A novidade con respecto á xeración anterior preséntana aqueles individuos que recoñecen ter a mesma capacidade para expresarse oralmente nos dous idiomas, coincidindo cos casos que tiveron acceso ó ensino superior: X2-121, X2-166, X2-193, X2-250, X2-342, X2-337.

Na escrita tamén hai novidades. Mentres que a primeira xeración carecía de competencias para escribir en galego, quince dos membros da X2 posúen plena capacidade para escribir tanto en galego como en castelán segundo os seus propios testemuños, e tres deles consideran que se expresan mellor en galego “chapuceiro”. Na lectura, todos se defenden ben en calquera das dúas linguas.

4.2.3. Actitudes lingüísticas

Como vimos comentando, o aumento da mobilidade xeográfica e social alterou as prácticas lingüísticas desta segunda xeración que, en moitas ocasións, tivo que adoptar o castelán como lingua habitual para adaptarse e integrarse na nova contorna, onde o galego non tiña lugar; e isto, prediciblemente, tamén tivo consecuencias sobre as actitudes lingüísticas da X2.

En primeiro lugar, aumentou a valoración da función instrumental da lingua. Se algúns membros da X1 xa facían referencia á utilidade do castelán fóra de Galicia, entre a xeración 2 estendeuse unha concepción estratéxica do uso das linguas de cara a facilitar a inclusión horizontal e a mobilidade laboral e, por esta razón, para moitos dos enquisados a mellor opción é a do bilingüismo (X2-151, X2-187, X2-224, X2-257). Porén, esta idea utilitarista foi a mesma que levou a varios dos membros desta xeración (X2-46, X2-151, X2-168) a criar aos seus fillos en castelán sendo eles galegofalantes. Como apunta Monteagudo (2012): “o que está no fondo da tendencia a rachar a cadea de transmisión interxeracional é un cálculo das posibilidades de conseguir unha maior capitalización⁶ lingüística das crianzas cara á promoción social”.

Referíndose a esta situación, X2-310 afirma que lles transmitiu o galego aos seus fillos porque “seguimos coas costumbres que tiñamos, as que nos ensinaron nosos pais [...], no sitio que *tamos* vivindo vivimos como hai cincuenta ou cen anos” pero que se residira nun ambiente

⁶ Monteagudo (2012) define o “capital lingüístico” a partir da “competencia comunicativa” e do “repertorio lingüístico” dos individuos, e considera que permite estimar as capacidades lingüísticas de cada falante na perspectiva do seu valor de mercado (tanto no de bens simbólicos como no de traballo). Orixinariamente toma o termo de Pierre Bourdieu (1982).

onde predominara o castelán, seguramente os tivera educado nesa lingua: “non é por lle cambiar nós o idioma aos fillos, é porque o mundo cho fai cambiar a ti, [...] se *tas* todo o día envolto en *castellano*, queiras non queiras terás que collelo”. No entanto, os enquisados que efectivamente os educaron en castelán recoñecen explicitamente que o fixeron coa intención de garantirlles un futuro máis próspero.

O traslado á cidade fixo que moitas persoas foran conscientes dun conflito lingüístico que a maioría da xeración anterior descoñecía e isto, sumado á maior formación académica, favoreceu en moitos o espertar dunha feble conciencia lingüística, véxase X2-342: “utilizo o galego por convencemento, hoxe en día calquera persoa que utilice o galego ten que ter un mínimo de concienciación, sobre todo se o está utilizando nunha situación formal porque a presión do castelán é enorme [...], o galego forma parte de min, senón o defendera estaríame autodestruíndo”. Ademais, as actitudes lingüísticas desta xeración tamén reflexan unha maior asociación entre a lingua e a identidade galega, que ata o momento non se percibira: X2-151 “todos como galegos deberíamos empregar o galego” (X2-151), “é a miña lingua, penso, vivo e falo en galego” (X2-256), “somos *ghalleghos*, vivimos en *Ghalicia* e tamén é bonito termos o noso” (X2-281), “o *ghallegho* é o idioma do *pueblo*” (X2-303)... Neste sentido, os veciños que abandonan o uso do galego son severamente sancionados: “queren aparentar o que non son, ser máis ca o veciño [...], pa min, o que *tou* vendo, porque ti queiras falar *castellano*, vexo que ti *eres* menos que o que eu son, porque tes que vivir co que tes” (X2-310), “pensan que son mellores *personas* ca nos, que xa son marqueses” (X2-158).

As actitudes sobre a variedade estándar da lingua mudan radicalmente con respecto ás dos seus proxenitores que, en xeral, eran positivas e solo lamentaban a súa dificultade. Os membros da X2 consideran que este galego é “cerrado”, “copiado do portugués” (X2-152), “castelanizado” (X2-158), “universitario e formal” (X2-303)... e tamén critican os continuos cambios de normativa (X2-193, X2-224) aos que asistiron en primeira persoa durante os seus anos académicos. Ademais, X2-257 reflexa unha visión gravemente estereotipada dos seus falantes “cando oes falar a unha *persona* nese galego dáste conta que foi educada en *castellano*, ós que nos educaron en gallego non falamos así” da que xa se tomou conciencia en RAG 2003. Só X2-176 o valora positivamente: “a min paréceme máis ben, non? Habería que falalo correcto”.

As visións de futuro tamén se diversifican con respecto ás da primeira xeración (recordemos que ningún dos enquisados dubidaba sobre a súa prosperidade). Por unha banda, algúns maniféstanse optimistas ante a súa conservación, pois consideran que cada vez a poboación

está máis concienciada sobre a importancia do seu mantemento, e nomeadamente as xeracións máis novas (X2-166, X2-250, X2-281, X2-310), e así mesmo porque consideran que desapareceron moitos dos prexuízos que estaban vixentes durante a xeración de seus pais e a súa propia xuventude: “vou a Zara, vou a un restaurante, a certos comercios... fálanme en castelán, eu contesto en galego, e automaticamente cambian ó galego. *Eso* é importante, significa que a xente xa non ve o galego como algo pexorativo, [...] e cada vez hai máis usuarios de clase media-alta que son un referente para a lingua, entón eu creo que imos ser capaces de salvara” (X2-342). Na mesma liña: X2-187, X2-193 e X2-337.

Outros, en cambio, amósanse escépticos porque cren que o impulso do castelán é moi forte (X2-224, X2-193) ou porque cren que se vai manter o bilingüismo (X2-168); e, por último, está a visión negativa dalgúns como consecuencia de 1) o avance desigual castelán e do galego estándar nos medios de comunicación (X2-193, X2-310); 2) a creba da transmisión interxeracional da lingua (X2-257, X2-310) ou 3) a política: “eses políticos que temos... aquí non é como en Cataluña, non o queren inculcar como é debido...” (X2-176). X2-342 apunta: “hai un sistema armado para que o galego desapareza, pero eu creo que vai haber un cambio político a curto prazo e con este vai haber unha involución da situación actual bastante rápida”.

4.3. TERCEIRA XERACIÓN (X3)

Nº	ANO DE NACEMENT	LUGAR DE NACEMENTO	CAMBIO DE RESIDENCIA	EMIGRACIÓN	NIVEL DE ESTUDOS ⁷	OCUPACIÓN	LINGUA INICIAL	LINGUA HABITUAL
33	1989	Carballo	Non	Non	Medio*	-	Galego	Galego
46	1975	A Laracha	1	Londres, Madrid	Superior	Funcionario	Castelán	Bilingüe máis castelán
83	Finais dos 80	Malpica	Non	Non	Superior	Carpinteiro, locutor de radio e DJ	Galego	Bilingüe máis galego
98	1987	Cee	-	-	Superior*	-	Castelán	Galego
121	1996	Vimianzo		Non	Medio*	-	Galego	Galego
151	1985	Vimianzo	Non	Non	Superior	-	Castelán	Bilingüe máis galego

⁷ O asterisco (*) indica que o nivel de estudos estaba sendo cursado no momento en que foi realizada a entrevista.

152	1993	Carballo	-	-	-	-	Galego	Bilingüe máis galego
158	2000	Ponteceso	Non	Non	Medio*	-	Galego	Bilingüe máis galego
166	2003	A Coruña	Non	Non	Medio*	-	Galego	Bilingüe máis castelán
168	1992	Suíza	1, 2	Non	Superior	Xestor	Castelán	Bilingüe máis galego
176	2002	Cabana	Non	Non	Medio*	-	Galego	Galego
187	1989	Xenebra	2	Non	-	-	Francés	Bilingüe máis galego
193	1993	Santiago	Non	Non	Superior*	-	Castelán	Galego
224	1997	Zas	1	Non	Superior*	-	Galego	Galego
250	1986	Cambre	1	Palma de Mallorca	Medio	Operador de carretilla	Galego	Galego
256	2007	Santiago	Non	Non	Medio*	-	Galego	Bilingüe máis galego
257	1997	Santiago	Non	Non	Superior	Enfermeira	Galego	Bilingüe máis galego
281	2006	Santa Comba	Non	Non	-	Estudante	Galego	Galego
291	2001	Carballo	Non	Non	Superior*	-	Galego	Galego
303	1992	Cabana	Non	Non	-	-	Galego	Bilingüe máis galego
310	1998	Santa Comba	Non	Non	Superior	Electricista	Galego	Galego
327	2006	Santiago	Non	non	Medio*	-	Galego	Bilingüe máis galego
337	2005	Santa Comba	Non	Non	Medio*	-	Galego	Bilingüe máis galego

342	2003	Santiago	Non	Non	Superior *	-	Galego	Galego
-----	------	----------	-----	-----	---------------	---	--------	--------

Táboa 7. Terceira xeración. Información básica. Elaboración propia. Fonte: ALFA

4.3.1. Perfil e traxectoria biográfica

A terceira e última xeración (X3) que teremos en conta neste estudo está formada polos membros máis novos das familias, de maneira que nunha secuencia avós-pais-netos, esta é a xeración dos netos. Está composta por individuos nados a finais da década dos 80, na década dos 90 ou durante os primeiros anos dos 2000, polo que pode ser considerada a máis heteroxénea de todas. Por isto mesmo, a tarefa de establecer un contexto histórico común para toda ela dificultase: algúns están comezando os seus estudos secundarios e outros levan anos incorporados ó mundo laboral, polo que as súas experiencias vitais e lingüísticas son moi diferentes.

A maioría dos informantes naceron no rural, nalgún dos concellos que conforman a área de estudo deste traballo, e non experimentaron cambios de residencia salientables, pero unha parte deles fixérono na cidade ou nun hábitat máis urbanizado (poñamos por caso, o concello de Carballo) ao seren fillos daquelas persoas que, como xa referimos durante a caracterización da xeración anterior, dende a metade do século XX en diante migraron do campo ás urbes en busca de mellores condicións vitais e profesionais. Este é un dos aspectos máis novidosos desta xeración, e así mesmo un dos que máis influíu nas súas traxectorias lingüísticas.

Aínda que a maioría dos enquisados tiveron como lingua inicial o galego, o castelán aumentou significativamente a súa presenza nesta xeración, converténdose na lingua inicial de seis dos informantes e facendo así notar os primeiros efectos da ruptura da transmisión interxeracional. Emporiso, para a maioría o primeiro contacto con esta lingua produciuse mediante a televisión e, nomeadamente, a escola, un ámbito no que as prácticas e os usos lingüísticos son profundamente heteroxéneos.

Por unha banda, algúns dos enquisados (X3-176, X3-310, X3-337) afirman que para eles a lingua vehicular no ensino foi o galego, que tamén era o idioma maioritario entre o alumnado. Nesta liña, é especialmente relevante o relato de X3-151, que no seo familiar adquirira o castelán como lingua inicial mais, ao entrar en contacto co galego na escola (Vimianzo) a través dos compañeiros, comezou a empregalo en todos os ámbitos da súa vida a excepción do familiar. Situación similar é a de X3-168: fillo de emigrantes, educado por seus pais en castelán

que ao retornar a Galicia incorporou o galego como lingua habitual grazas ó ensino e ó contacto con familiares e amigos de Zas.

Para outros, en cambio, a escola foi un axente castelanizador. X3-257, X3-327 e X3-342 tiveron o galego como lingua inicial, adquirida no seo familiar, pero no colexio (Santiago de Compostela) comezaron a assimilar a lingua dos demais compañeiros castelanfalantes até convertela na súa habitual: X3-257 recorda que nunha clase máis de 20 alumnos era o único galegofalante e X3-342 confesa: “cando era pequena falaba galego na casa, os meus pais sempre me ensinaron galego estándar, pero no colexio falaba castelán cos nenos e nenas”. Nestes casos, a incorporación ó instituto foi decisiva para a recuperación da lingua, véxase de novo o testemuño de X3-342: “estaba máis en contacto con xente galegofalante, dos arredores de Santiago [...] e fun aumentando o uso do galego a medida que ía vendo que a xente falaba galego [...]. Probablemente, se seguise compartindo espazo académico coa xente de primaria igual nunca tivera dado o paso de realmente falar a miña lingua materna fóra da casa”. X3-257 tamén atopou no instituto a súa primeira compañeira galegofalante (que viña dun entorno rural, Mazaricos) pero iso non foi suficiente para que recuperase o uso habitual do galego. Neste caso, o verdadeiro punto de inflexión foi o acceso á universidade, outro dos elementos dinamizadores aludidos en varias das enquisas que manexamos (X3-98, X3-342...). O informante afirma que neste momento decide comezar a empregar o galego con todas as aquelas persoas que o entendan, e valora positivamente a toma de contacto con galegofalantes de toda a comunidade e o descubrimento de “novos galegos” neste novo ámbito.

Repárese en como a escola, non como entidade en si mesma mais como punto de converxencia de traxectorias biográficas e idiomáticas diversas, é capaz de modular o hábito lingüístico dos seus alumnos, en calquera das direccións posibles; así mesmo, na vixencia e importancia da variable *hábitat* para o emprego das linguas na mocidade galega.

É mester referir a aparición de suxeitos castelanfalantes que comezan a empregar a lingua galega por razóns ideolóxicas, manifestando así o seu compromiso coa realidade social; son os denominados *neofalantes*, integrados en redes universitarias compostelás favorables ao emprego do galego, como X3-98 e X3-193, estudantes respectivamente do Grao en Lingua e Literatura galega e Filosofía na USC.

Por outra banda, tamén son significativas as achegas feitas polos membros máis vellos desta xeración sobre o uso das linguas no eido laboral. X3-46: funcionario da Xunta de Galicia, emprega o castelán no ámbito profesional, práctica común entre os seus compañeiros; X3-83:

durante a semana emprega o galego na carpintería e durante as fins de semana o castelán como locutor de radio e *dj*; X3-151 teleoperario galegofalante, nunha empresa coruñesa falaba castelán e foi aconsellado para expresarse en galego coas persoas de máis idade do rural; X3-257 enfermeira galegofalante, advirte que moitos compañeiros e médicos usan o galego en contextos distendidos e na consulta atenden en castelán; X3-310, camareiro durante algúns anos, confesa que na zona da Coruña lle esixiron que falase castelán alegando que se trataba dun “sitio fino”. Pódese apreciar facilmente que o galego dista moito de ser unha lingua normalizada no ámbito laboral, onde aínda subsisten moitos dos vellos prexuízos que penalizan o galego.

En calquera caso, na propia Táboa 7 reflíctese como os usos lingüísticos da terceira xeración converxen cara ó bilingüismo de dominancia galega ou castelá, tanto por parte daqueles que tiveron o galego como lingua inicial e incorporaron o castelán en moitos contextos sociais alleos ó familiar, como dos castelanfalantes iniciais que incorporaron o galego no seu repertorio tras o establecemento de redes sociais en galego a idades temperás na escola ou máis adiante por cuestións ideolóxicas.

4.3.2. Prácticas e destrezas lingüísticas

O acceso ó ensino foi mellorando ao longo das tres xeracións, de maneira que os individuos da X3 posúen un nivel de instrución maior ó dos seus antecesoros. Como se indica na Táboa 7, no momento en que foron entrevistados a maioría deles eran estudantes e os que xa finalizaran a súa formación fixéranlo cun nivel de estudos superior. Ademais, todos eles accederon ó ensino trala implantación da Lei de Normalización Lingüística (1983), que para asegurar a normalización do seu uso como lingua propia do noso pobo promoveu o seu emprego no sistema educativo, entre outros ámbitos (Monteagudo 2022), polo que posúen boas competencias tanto orais como lecto-escritas nas dúas linguas, galego e castelán, aínda que con algunhas puntualizacións que a seguir referimos.

En varios casos fan referencia á inclusión de castelanismos, principalmente na fala (X3-83, X3-158, X3-342), que pode estar motivada pola costume, por descoñecemento do normativo ou presión castelanizante dos medios de comunicación de masas. Ademais, dous informantes manifestan pouca “fluidez” (X3-310) e certa “*verghonza*” (X3-176) para falar castelán: “eu penso en galego e traduzo ao *castellano* e pa min falar castelán é coma falar inglés”, un sentimento de distanciamento desta lingua que xa fora recollido polo CCG2017 e asociado á

“falta de seguridade lingüística para expresárense nunha lingua allea aos seus procesos de socialización, tanto primaria como secundaria”. Maioritamente, os máis novos prefiren o uso da variedade dialectal do idioma fronte á normativa, aínda que esta se domine perfectamente.

4.3.3. Actitudes lingüísticas

A actitude xeracional é favorable ao galego. Tamén como consecuencia do seu paso polo ensino, na X3 obsérvase unha maior conciencia lingüística e, sobre todo, un maior coñecemento dos problemas que asolagan a vitalidade da lingua galega; así mesmo, enxérgase unha posición solidaria co mantemento da lingua galega. Os neofalantes, que recuperan o seu uso de maneira comprometida, constitúen o mellor exemplo diso.

É a xeración con menos prexuízos sobre o galego. En xeral, consideran que “ten que ser o idioma de calquera clase” (X3-121) e séntense “*orghullosos*” (X3-176) de falalo. Tan só hai que destacar dous testemuños en sentido contrario: X3-166, para quen o castelán é máis útil, e X3-168. Este informante considera que o galego é parte da nosa identidade e que está ben falalo, pero que a súa presenza nos ámbitos formais é innecesaria. Ademais, afirma que aceptaría que as institucións galegas empregasen só o castelán pero non só o galego: “o galego é un idioma máis coloquial, para entendernos entre nós e punto, o castelán é un idioma e o galego pois é... unha cousa para falar, non sei, ter o galego é bonito, ter o noso idioma, por chamalo así”.

Os membros desta terceira xeración lamentan o pouco uso da lingua nas cidades, e son conscientes de que no rural a situación é diferente. Moitos censuran aos galegofalantes que cambian de código no ámbito urbano por aprobación social ou “postureo” pero, ao mesmo tempo, participan deste tipo de actitudes cando teñen que integrarse nun grupo onde o castelán é a lingua predominante, como X3-337 ou X3-327. Neste último caso, o informante destaca que en Bergantiños “dá igual quen lles fale castelán que a súa lingua é o galego, hai como unha forza de grupo que empuxa uns ós outros a falalo, tamén supoño que por ser un ambiente rural e non urbano como o é Santiago, que está máis urbanizado” mais logo, noutro momento da entrevista, manifesta: “penso que se todos falan castelán e chego eu falando galego... pois cambiaría a lingua, pero só por sentirme incluída nun grupo social que xa está formado”. É importante ter en conta que, debido á curta idade dalgúns dos integrantes desta xeración no momento da gravación, a súas actitudes e opinións lingüísticas aínda se están formando e, polo tanto, non é estraño atopar contradicións ou incongruencias nos seus testemuños.

Por outra banda, a opinión xenérica sobre a variedade normativa da lingua galega non é boa. Tan só catro dos trece informantes que se refiren a ela nas enquisas recoñecen a importancia de “ter unha norma que xeneralice o galego” (X3-281, X3-224, X3-187) e ademais, un deses (X3-257) amosa unha visión fondamente estereotipada dos falantes desta variedade, pois asóciaa ó nacionalismo galego, asegurando que unha persoa que emprega termos como *vasoira* ou *cadeira* “ten que votar ao Bloque si ou si”, e ós neofalantes, cuxa fala considera menos natural que a súa: “vasme dicir ti a min como se fala?”.

Os demais membros desta xeración consideran que se trata dunha variedade “artificial” (X3-46, X3-166, X3-303), “ridícula” (X3-151), “pésima por estar infestada de castelanismos” (X3-158) e “complexa” (X3-303 incide na dificultade que supón para os propios galegofalantes, especialmente os de idade máis avanzada). Ademais, tamén fan referencia ós cambios de normativa que experimentou: X3-46 cree que isto lle fixo perder credibilidade, pero X3-193 e X3-257 entenden que forman parte do tardío proceso normativización. As posturas máis radicais son as de X3-98, que preferiría falar castelán antes que galego normativo porque non o sente como seu, e X3-151, que considera innecesaria a existencia desta variante: “deixa *tar* o *ghallegho* como *ta*”.

Finalmente, a visión de futuro desta xeración é pesimista, moito máis negativa que a da xeración de seus pais. Os tres máis optimistas valoran a incipiente presenza do galego nos medios de comunicación, plataformas internacionais como TikTok e grupos de música como as Tanxugueiras, a maior conciencia lingüística da poboación e a aparición de neofalantes. Os máis derrotistas, pola súa banda, creen que o galego acabará desaparecendo como consecuencia da industrialización das zonas rurais e o falecemento da xente maior das aldeas, pois consideran que nas cidades apenas se emprega e que os nenos cada vez o teñen menos presente; así mesmo, debido á perda de falantes que está experimentando a lingua na actualidade como consecuencia da substitución lingüística. Algúns tamén fan referencia á escasa transmisión lingüística do galego dos pais aos fillos e á vixencia nalgúns sectores dos tradicionais prexuízos que asocian o galego coa aldea, a ignorancia... (X3-342, X3-257). En xeral, os membros desta xeración creen que a vitalidade do galego está nunha situación preocupante pero non valoran a posibilidade da súa desaparición.

5. ANÁLISE DE DATOS

Ao longo destas páxinas presentamos os datos extraídos do corpus A Lingua das Familias (ILG) de maneira conxunta, poñendo o foco naqueles aspectos que máis podían afectar á transmisión da lingua galega de pais a fillos. Como xa vimos cando nos referimos á política lingüística familiar, as decisións que as familias toman sobre o desenvolvemento lingüístico dos seus descendentes, especialmente en contextos bilingües como é o caso galego, están condicionadas por outros factores sociais que, en ocasións, mesmo poden exercer tanto ou máis control sobre a adquisición da lingua por parte dos menores como a propia institución familiar. É por isto que se intentou dar conta dos aspectos históricos, xeográficos e demográficos que durante a consulta dos traballos do ALFA se revelaron máis determinantes neste aspecto, así como das destrezas e actitudes (prexuízos, visións de futuro e outras consideracións) vixentes en cada momento e cada xeración.

Á luz de todo o visto e tomando como referencia a tipoloxía presentada anteriormente, neste novo capítulo atenderemos especificamente aos diferentes procesos de transmisión e mantemento da lingua galega nas familias estudadas. O que se pretende é clasificar as familias segundo se comporten os seus membros neste aspecto ao longo de tres xeracións e analizar os seus móbiles para coñecer mellor a realidade sociolingüística desta área da Costa da Morte.

Para o estudo manexamos unha mostra de 24 familias, mais neste momento é preciso facer unha división entre elas porque non todas se adecúan á tipoloxía imos empregar. Esta foi concibida para clasificar as familias atendendo á transmisión da lingua dos pais aos fillos, sucesivamente ao longo de varias xeracións, mais nalgúns casos os traballos fixéronse sobre outros membros da familia con diferentes graos de parentesco. Por esta razón, estes casos serán analizados máis adiante, nun apartado específico máis breve.

5.1. CLASIFICACIÓN DAS FAMILIAS SEGUNDO A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO

Para comezar, presentamos unha táboa que recolle a clasificación das familias segundo o seu papel no proceso de transmisión interxeracional da lingua:

Nº	X0 ⁸	X1	X2	TIPO DE FAMILIA
33	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
46	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutivo 2-3

⁸ X0: xeración anterior a X1.

83	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
98	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 - 3
151 ^{9a}	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 - 3
151b	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 - 3
151c	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 - 3
158	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
166	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
168	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 - 3
176	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
187	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
193	Transmisor	Interruptor	Asimilador	Substitutiva 1 - 2
224	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
250	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
256	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
257	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
281	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
291	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
303	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
310	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
327	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
337	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
342	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora

Táboa 8. Membros e familias segundo a transmisión interxeracional da lingua galega.
Elaboración propia. Fonte: ALFA

Como se pode ver, o máis común entre as familias desta área é a conservación da lingua ao longo das xeracións. Os datos reflexan unha predominancia absoluta dos individuos transmisores sobre os interruptores e consecuentemente o perfil maioritario é, con bastante diferenza, o das familias mantedoras (17 de 24 casos estudados).

Entre as primeiras xeracións ($X_0 > X_1$ e $X_1 > X_2$) a transmisión do galego de pais/nais a fillos/fillas foi practicamente íntegra, xa que tan só un individuo (X_1 -193) rompeu a cadea de transmisión interxeracional. Esta gran taxa de conservación da lingua entre as primeiras familias explícase fundamentalmente a partir da información presentada ao longo dos capítulos anteriores e, nomeadamente, do contexto histórico e social no se desenvolveron as súas biografías. Neste momento o castelán era a lingua dos grupos sociais máis privilexiados, que

⁹ Neste traballo incorpóranse varias historias de familia. A información proporcionada permite reconstruír tres historiais sociolingüísticos diferentes, identificados de agora en diante como 151a, 151b e 151c.

fundamentalmente se asentaban nas urbes galegas; o resto da poboación apenas tiña contacto con esta lingua e tampouco cos diferentes axentes que podían actuar como castelanizadores, polo que a súa transmisión ás novas xeracións era pouco probable e bastante infactible.

O deficiente acceso ao ensino non abondou para que aprendesen o idioma, de modo que a incompetencia que estes individuos posuían en castelán, sobre todo na oralidade, xa imposibilitaba de primeiras que a lingua transmitida aos fillos non fora o galego. Ademais, outros aspectos como a reducida mobilidade social e xeográfica tampouco favoreceron ese tipo de dinámicas. Como xa vimos, trátase de familias empregadas maioritariamente no sector primario, asentadas durante toda a súa vida no medio rural. Os cambios de residencia que efectuaron tiveron lugar, en maior medida, dentro desta contorna e as mudanzas ó complexo urbano están asociadas á emigración e sempre foron temporais, así que a infiltración do castelán nestes núcleos tampouco foi posible pola vía da mobilidade.

Nos traballos do ALFA que manexamos para este estudo atopamos poucas referencias explícitas ao proceso de transmisión lingüística interxeracional propiamente dito, pero aínda así resultan bastante esclarecedoras. Por unha banda, algúns dos informantes da primeira xeración xustifican tanto a herdanza do galego como a súa transmisión aos descendentes apoiándose na tradición e na identidade, simplemente por ser a lingua da familia, véxanse X1-342 ou X1-256: “eu faleille na miña lingua, no meu *ghallegho* de sempre, que eu aprendín de rapaza”. Outros, en cambio, refírense -cun ton punitivo claramente perceptible- ó comportamento daqueles que decidían educar aos seus fillos en castelán: “*muita* xente faláballe en *castellano*, porque lles parecía máis, [...] que o *castellano* tiña o seu mérito e o *gallego*... eramos *paletos*, eles pensábano, pero non eramos” (X1-256); “querían ser do *pueblo*” (X1-310).

Para interpretar de maneira atinada estas confesións, resulta bastante frutuoso acudir ás palabras de Monteagudo (2021) cando sinala que as comunidades rurais “non só mantiñan a lingua galega de xeito compacto, senón que a protexían e se defendían a si mesmas tratando de impedir, mediante censura directa, as prácticas que delataban [...] *deserción idiomática* ”. En efecto, os informantes destacan o carácter galegófono das súas propias familias e dos núcleos e comunidades en que se insiren (razón primeira para a transmisión do galego ós máis novos) e, ademais, condenan o rompemento da cadea de transmisión. Son conscientes da existencia de prexuízos contra o galego mais non ven con bos ollos a aqueles que se deixan atrapar polo gran prestixio do castelán.

Nas comunidades tradicionais, como as aldeas e as vilas máis pequenas, as redes sociais ou relacionais son moi densas e practicamente todos os individuos se coñecen e interactúan entre si, pois é habitual que estean conectados por diversos vínculos como parentesco, veciñanza, amizade, traballo... Millroy 1980 (citado en Monteagudo 2012) considera que, por ese motivo, tamén tenden a ser máis pechadas e conservadoras lingüisticamente

No paso da segunda xeración á terceira (X2>X3) a vitalidade do galego como lingua familiar reflexada na táboa comeza a desestabilizarse. Como xa se comentou, o acceso a un ensino fortemente castelanizado durante a ditadura franquista, o maior nivel de estudos ou o aumento da súa mobilidade tanto xeográfica como social, entre outros factores, tiveron implicacións sobre o uso da lingua e provocaron que en moitos casos se emprenderan procesos de cambio lingüístico. Con todo, esa non foi a tendencia maioritaria posto que, en xeral, as familias continuaron a transmitirlle a súa primeira lingua aos seus descendentes.

Como se pode comprobar de maneira directa a través dos seus propios testemuños, as razóns disto non varían con respecto ás das xeracións anteriores, pois a costume e o seu peso como lingua familiar continúan sendo as principais motivacións para os proxenitores pro-galego desta segunda xeración: “seguimos coas *costumbres* que tiñamos, as *costumbres* que nos *enseñaron* os nosos pais” (X2-310), “era natural, *si* nós falabamos en *gallego*, en que lle *ibamos* falar?” (X2-257). Na maioría destas familias, non existe ningún tipo de planificación consciente e premeditada de cara a controlar a aprendizaxe do galego por parte dos nenos e a reprodución lingüística ten lugar de maneira espontánea e rutineira no ámbito familiar. Tan só debemos salienta o caso X2-342, docente de lingua galega no ensino secundario, que achega a seguinte razón para a transmisión da lingua: “o galego forma parte de min, o galego son eu, se non o defendera estaría me autodestrúndo”. Neste caso, existe unha maior conciencia e reflexión crítica sobre a situación social do galego e a importancia do seu traspaso ós máis novos, pero constitúe unha excepción na mostra que manexamos.

Pasamos agora a referirnos ao segundo tipo de familia con presenza na táboa: as familias substitutivas. No caso 193 (familia substitutiva tipo 1-2), a creba da transmisión lingüística produciuse no paso da primeira xeración á segunda. O informante X1 (natural de Buño, Malpica) tivo o galego como lingua inicial e na actualidade ten as dúas linguas como habituais. Na aldea fala galego, na vila galego ou castelán -segundo o que lle falen primeiro- e na casa sempre falou galego coa muller e castelán coas fillas “porque así aprendían as dúas linguas”. Como xa foi indicado con anterioridade, sorprende que é o único membro da X1 con estudos

superiores e tamén o único que decide transmitirle aos seus descendentes unha lingua diferente da súa. No traballo (ALFA) indícase que aínda que durante a gravación da entrevista amosou unha actitude conciliadora a prol do bilingüismo, despois confesou outro tipo de consideracións sobre a maior utilidade do castelán e a súa superioridade como lingua da nación -enténdase española- que, con certeza, deberon impulsar verdadeiramente a ruptura da transmisión en favor da lingua socialmente dominante. A súa filla (X2-183) nacida en Buño (Malpica) e con residencia actual en Santiago de Compostela, continua a empregar maioritariamente o castelán como lingua habitual e tamén llelo transmitiu aos seus fillos (asimiladora).

No caso das familias 46, 98, 151 e 168, a ruptura da transmisión interxeracional da lingua galega produciuse no paso da segunda xeración á terceira (substitutivas tipo 2-3). X2-46 e X2-168 tiveron o galego como lingua inicial e lingua habitual, pero durante a emigración educaron aos seus fillos en castelán coa intención de que tiveran acceso a unhas mellores perspectivas de futuro que ó seu ver non lles ofrecía o galego (o fillo maior de X2-46, en cambio, foi criado polos avós en Galicia e tivo como primeira lingua o galego).

Por outra banda, X2-98, natural dunha pequena aldea de Muxía, desenvolveuse durante toda a súa vida en galego pero decidiu, xunto coa súa parella, educar aos seus fillos en castelán, aínda que escasamente tivera contacto con esta lingua durante o ensino e a emigración. Na enquisa confesa que a día de hoxe non ten ningún tipo de explicación para este comportamento, mais débese tomar en consideración o seu cambio de residencia a Cee, un núcleo vilego (no 2023 tiña 7.660 habitantes, segundo datos do IGE), como posible causa da interrupción da transmisión do idioma. No traballo indícase que X2-98 é o maior de catro irmáns: dous deles permaneceron en zonas rurais (non especificadas) e educaron aos seus fillos en galego e, os outros dous, que se desprazaron a Cee, decidiron facelo en castelán; polo tanto, é razoable pensar nunha relación máis causal do que casual entre estes dous feitos.

No caso da familia 151 é posible reconstruír tres historias sociolingüísticas diferentes porque no traballo achégase información sobre cada unha das descendentes de X1-151 e as súas respectivas familias. X1-151 transmitiulles a todas as súas fillas o idioma galego, no que el se criara e desenvolvera ao longo da súa vida, inclusive durante a emigración tanto en Venezuela como en Suíza; no entanto, as tres decidiron educar aos seus fillos en castelán. Dúas delas fixérono polos traumas que lles causaron as mofas dos seus compañeiros por non saber falalo durante a etapa escolar, coa intención de evitar que os seus fillos pasaran pola mesma situación, e a terceira porque o consideraba máis útil de cara ó futuro.

En definitiva, os proxenitores galegofalantes que deciden romper a cadea de transmisión interxeracional da súa primeira lingua fano, en primeiro lugar, porque consideran que o castelán vai ser máis beneficioso para os seus descendentes no futuro, nomeadamente no eido laboral. Tal e como xa se pormenorizou en páxinas anteriores, nas derradeiras décadas do século XX, os integrantes desta segunda xeración viviron en primeira persoa o tardío proceso de urbanización e industrialización da comunidade galega que tivo como lingua vehicular o castelán, e como para eles o uso desta lingua constituíu un requisito fundamental de cara á integración e á promoción tanto social como laboral, consideran que a adquisición desa lingua no propio ámbito familiar favorecerá o desenvolvemento futuro das crianzas.

Monteagudo (2012) considera que o principal motivo para a ruptura da transmisión interxeracional é “conseguir unha maior capitalización lingüística das crianzas cara á promoción social, e dun xeito máis inmediato e na medida en que o ensino se contempla como unha pasarela cara a ela, cara á integración no medio educativo”. Como non todas as linguas ou variedades lingüísticas teñen o mesmo valor de mercado, considérase que posuír competencias comunicativas nunhas e/ou noutras, así como un determinado repertorio lingüístico, determinará a integración laboral, polo que o menor valor atribuído ao galego en comparación co castelán provoca, segundo este autor, que non se transfira ás novas xeracións.

En calquera caso, as experiencias lingüísticas dos propios individuos son as que máis condicionan a súa actuación cando chega o momento de transmitirle a súa lingua a unha nova xeración. Desta maneira, tamén o feito de ter sido ridiculizado durante a propia etapa escolar por non saber falar castelán é determinante para algún informante á hora de educar aos seus fillos nesta lingua, intentando evitarlles un dano experimentado en primeira persoa.

Finalmente, o desprazamento do rural ao urbano constitúe a terceira motivación para educar aos fillos en castelán. Non se pode considerar que este sexa un factor determinante porque moitas das familias que mudaron o seu lugar de residencia mantiveron o emprego do galego; no entanto, si que se debe considerar o factor que máis favorece a ruptura da transmisión interxeracional. O cambio dun entorno practicamente monolingüe en galego que ademais exerce presión para o mantemento desta lingua, como poden ser as aldeas ou as vilas máis pequenas, por outro que exerce presión en favor do uso do castelán modificou en gran medida o comportamento lingüístico de moitos individuos e provocou que algúns deles decidiran educar aos seus fillos nesta lingua, coa intención de facilitarlles a integración nese novo medio. Non nos referimos unicamente ás cidades, senón tamén ás vilas de maior tamaño, como Cee

(que xa mencionamos durante o comentario do caso X2-98) ou outras como Malpica, Carballo ou Ponteceso, pois varios dos informantes habitualmente galegofalantes e procedentes de aldeas comentan que nestas localidades se vían instigados a empregar o castelán, sobre todo para interactuar con algunhas persoas.

5.2. OUTRAS FAMILIAS SEGUNDO A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO

Como xa se indicou ao comezo deste capítulo, dous dos traballos consultados incorporan información de diferentes membros da familia que non se adecúan á tipoloxía anterior, de maneira que serán vistos de maneira individual neste apartado específico. Concretamente, trátase das familias 121 e 152.

No caso da familia nº 121 pódense reconstruír varios historiais sociolingüísticos diferentes, que tentaremos explicar aquí brevemente. X1-121 educou aos seus dous fillos en galego, ambos mantiveron a lingua durante a infancia pero tan só un deles a conservou e lla transmitiu aos seus descendentes (X3-121). A outra filla incorporou o castelán como lingua habitual cando se mudou á Coruña: o acceso á universidade, as novas redes relacionais e o emparellamento con X2-121 provocaron o cambio lingüístico.

Nado en Arteixo, fillo de emigrantes retornados, X2-121 tivo como lingua inicial o castelán. Aínda que seus pais sempre falaban galego, a súa experiencia na emigración e o feito de vivir moitas situacións nas que se “relegaba” aos galegos leváronos a educar aos seus fillos en castelán, para evitar que sufriran ese tipo de discriminacións, así que neste caso a ruptura da cadea lingüística xa se produciu no paso da xeración 1 á 2. Pola súa banda, X2-121 continuou a empregar o castelán e transmitiullo ao seu fillo (asimilador).

Na seguinte táboa, intentouse adaptar a tipoloxía de familiar a esta familia concreta:

Nº	X0	X1	X2	TIPO DE FAMILIA
121	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora
			Interruptor	Substitutiva 2 - 3
	Transmisor	Interruptor	Asimilador	Substitutiva 1 - 2

Táboa 9. Transmisión lingüística interxeracional na familia 121. Elaboración propia. Fonte: ALFA

Por último, no traballo 152 tamén se inclúen varias historias de familia. Por unha banda, indícase que a informante X1-152, galegofalante inicial e habitual, educou aos seus fillos en castelán dende nenos porque “era o que lles falaban na escola”, crendo que isto sería máis

beneficioso para eles. Porén, tamén se indica que o seu home sempre lles falou en galego, polo que poderíamos estar ante un caso de familia bilingüe, tendo en conta os matices que isto implica. Cando os seus fillos entraron na adolescencia comezaron a empregar o galego como lingua habitual en todos os ámbitos, incluído o familiar, polo que X1-152 deixou tamén de empregar o castelán para comunicarse con eles. Lamentablemente, no traballo non se achegan datos sobre a evolución sociolingüística desta familia, mais é plausible pensar na completa recuperación do uso do galego por parte dos seus descendentes. Por outra banda, X2-152 (sobriño da primeira) desenvolve a súa vida completamente en galego e transmítello ó seu fillo, polo que constitúe unha familia mantedora.

Nº	X0	X1	X2	TIPO DE FAMILIA
152	Transmisor	Interruptor	-	Bilingüe recuperadora (?)
	Transmisor	Transmisor		
	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora

Táboa 10. Transmisión lingüística interxeracional na familia 152. Elaboración propia. Fonte: ALFA

En calquera dos dous casos, os motivos para o mantemento da lingua ou para súa substitución polo castelán non difiren dos xa comentados, polo que non nos deteremos a analizalos con maior profundidade.

5.3. A TERCEIRA XERACIÓN: ÉXITO OU FRACASO DA TRANSMISIÓN LINGÜÍSTICA INTERXERACIONAL

A análise da transmisión interxeracional propiamente dita tan só pode tomar como referencia as dúas primeiras xeracións familiares, principalmente porque a terceira aínda non tivo descendencia e, polo tanto, aínda non enfrontou este tipo de xestión lingüística. Con todo, para rematar este traballo consideramos bastante suxestiva a confrontación da transmisión realizada polos proxenitores co uso habitual da lingua dos membros da xeración máis nova, coa finalidade de dilucidar a transcendencia real das decisións que as familias toman neste ámbito. Para isto, ampliaremos a Táboa 8 presentada anteriormente e analizaremos os datos que nos fornecen os testemuños da nosa mostra estudada a este respecto.

Nº	X0	X1	X2	TIPO DE FAMILIA	X3 (LINGUA HABITUAL)
33	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
46	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutivo 2 – 3	Bilingüe máis castelán
83	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego

98	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 – 3	Galego
151a	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 – 3	Bilingüe máis galego
151b	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 – 3	Bilingüe máis galego
151c	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 – 3	Bilingüe máis castelán
158	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
166	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis castelán
168	Transmisor	Transmisor	Interruptor	Substitutiva 2 – 3	Bilingüe máis galego
176	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
187	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
193	Transmisor	Interruptor	Asimilador	Substitutiva 1 – 2	Galego
224	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
250	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
256	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
257	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
281	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
291	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
303	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
310	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
327	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
337	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego
342	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
121	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Galego
			Interruptor	Substitutiva 2 - 3	Castelán
	Transmisor	Interruptor	Asimilador	Substitutiva 1 - 2	
152	Transmisor	Interruptor	-	Bilingüe recuperadora (?)	-
	Transmisor	Transmisor			
	Transmisor	Transmisor	Transmisor	Mantedora	Bilingüe máis galego

Táboa 11. Transmisión interxeracional da lingua galega e uso habitual na terceira xeración. Elaboración propia. Fonte: ALFA

Aínda que a tendencia dominante é o bilingüismo, tal e como xa foi comentado ao longo do traballo, a lingua máis empregada polos informantes da X3 adoita ser a adquirida como primeira lingua no ámbito familiar. Como xa vimos, o seu uso non é indistinto e a segunda lingua -normalmente o castelán- emprégase en contextos específicos e, fundamentalmente, para interactuar con persoas que tamén a empregan. Emporiso, neste derradeiro capítulo queremos chamar a atención sobre as familias 98, 151, 166, 168 e 193, os cinco casos en que a lingua máis empregada polos enquisados non é a herdada dos seus proxenitores.

X3-98 e X3-193 tiveron como lingua inicial familiar o castelán, mais durante a adolescencia decidiron comezar a empregar o galego por cuestións ideolóxicas, culturais e políticas. A pesar de criarse nunha familia escasamente vinculada ó idioma, como no caso 193, no que a ruptura da transmisión interxeracional se producira no paso da X1 á X2, estes individuos *neofalantes* (Ramallo 2012) deciden recuperar o uso do galego debido ao seu compromiso coa realidade sociolingüística de Galicia.

X3-168, fillo de emigrantes retornado e instalado na Coruña, recupera o uso do galego ao mudarse a Zas -vila familiar- e integrarse nun ambiente practicamente monolingüe, tanto no ámbito familiar como laboral. Na familia 151, que achegaba información sobre varios membros, sabemos que catro dos seis curmáns recuperaron o uso do galego durante o ensino secundario, ao relacionarse con compañeiros e amigos completamente galegofalantes.

Aínda que neste traballo non contamos con ningún exemplo de familia recuperadora, si que debemos salienta a presenza de individuos recuperadores na terceira xeración que, nun futuro, poderían transmitir de novo o galego ás xeracións vindeiras. Como afirma Ramallo (2012), se se dan as condicións necesarias, a recuperación da lingua por parte dos falantes máis novos é perfectamente factible, aínda que estivera ausente nas xeracións máis inmediatas, e ademais cada vez é máis frecuente.

Con todo, o cambio de lingua habitual tamén se produce no sentido contrario. Aínda que os pais de X3-166 lle falaban sempre en galego, o informante emprega o castelán dende pequeno debido á presión castelanizante do resto do seu entorno (A Coruña). Na súa enquisa, a nai lamenta a escasa presenza do galego na escola á que asiste e comenta que, ante a falta de recursos, decidiu incrementarlle a paga semanal por empregar o galego, como mínimo, coa familia; unha medida que, ao parecer, está dando os seus froitos. Un caso similar é o de X3-327 que de pequena recorda expresarse habitualmente en castelán a pesar de que seus pais sempre lle falaban en galego, tamén polo influxo da escola (Santiago de Compostela), aínda que neste caso a familia conseguiu reconducir a situación a unha idade temperá: “foi cando estaba en primaria, cando meu pai me dixo «fala galego», e empecei a usalo”.

Así as cousas, os datos aquí presentados permiten comprobar que as políticas lingüísticas familiares orientadas á substitución do galego fracasan na maioría dos casos, pois só en tres das oito familias substitutivas os individuos máis novos empregan habitualmente o castelán ou máis castelán ca galego; no resto dos casos, recuperaron o galego. As estratexias para o mantemento tampouco son definitivas, pois en moitas ocasións o contexto -e chamamos a

atención sobre o ámbito educativo nos contextos urbanos- pode cambiar dende a infancia os usos lingüísticos dos rapaces, obrigando aos proxenitores a levar a cabo novas medidas para reforzar a xestión lingüística dende o fogar. Segundo a información presentada, a socialización entre iguais é o factor que máis determina a lingua falada polos individuos de curta idade xa que “no proceso de adaptación ao contexto ou ao ambiente, os nenos favorecen o sistema comportamental do grupo” (Iglesias & Acuña 2022).

Segundo estes datos, a influencia da familia non parece ser tan transcendental como historicamente se ten considerado xa que, aínda que na maioría dos casos a lingua que transmite prevalece, existen outros factores externos que poden modificar esta conducta.

6. CONCLUSIONES

As familias estudadas ao longo destas páxinas permitíronnos coñecer con maior detalle o proceso de transmisión interxeracional da lingua galega nos concellos de A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Coristanco, Malpica, Muxía, Santa Comba, Vimianzo e Zas, a área máis occidental da provincia de A Coruña, aproximadamente dende o comezo do século pasado ata os nosos días, pois hai que ter en conta que a primeira xeración non só informa da lingua que lle transmitiu aos seus descendentes senón tamén da que lle foi transmitida a ela.

A realidade é que a maioría das familias mantén o uso e a transmisión do galego ao longo das xeracións mais, nas décadas máis recentes, a retención da lingua no seo familiar comezou a desestabilizarse. Para as primeiras xeracións a reprodución do idioma constituía un fenómeno natural que se realizaba mediante a interacción espontánea cos fillos na casa, de maneira pasiva e sen necesidade doutro tipo de estratexias específicas. No contexto rural, o galego era a lingua maioritaria e a comunidade reforzaba o seu emprego, de maneira que non existía unha motivación concreta para a súa transmisión ós máis novos máis alá do hábito do seu uso rutineiro. Neste entorno, aínda a día de hoxe o mantemento do galego continúa a ser a tendencia maioritaria.

O cambio de lingua comezou a ser unha opción para as familias na segunda xeración. Primeiro, como consecuencia do ensino, que durante a ditadura franquista (1939-1975) reprimiu con dureza o emprego do galego, tanto como lingua vehicular como lingua de comunicación. En segundo lugar, como consecuencia do cambio de residencia do rural ao urbano,

fundamentalmente a partir da década dos setenta e como consecuencia da súa maior industrialización; como se puido ver a través dos testemuños, a fonda castelanización das cidades provocou que moitas persoas comezaran progresivamente a empregar o castelán nas súas relacións sociais e laborais.

Estas dúas circunstancias, conxugadas ou por separado, fixeron que os informantes interruptores da cadea interxeracional de reprodución lingüística consideraran que, a longo prazo, sería máis beneficioso para os seus fillos levar o castelán aprendido dende o fogar e a infancia que o galego, visto como un idioma menos útil de cara á promoción social. Esta é a principal razón para a ruptura da transmisión interxeracional do galego, segundo a mostra analizada. Con todo, este tipo de prácticas non deben ser circunscritas ó entorno urbano, por moito que este as incentive, posto que varios dos enquisados tamén fan referencia ó uso do castelán en vilas como Carballo, Malpica, Ponteceso... e mesmo nun caso (nº 98) a ruptura da transmisión se produciu como consecuencia dun cambio de residencia a Cee. Ademais, comprobouse que na maioría dos casos as estratexias substitutivas fracasan porque os membros da terceira adoitan recuperar o uso do galego, ben por convicción propia ou ben pola presión do entorno, maioritariamente galegofalante.

Desta maneira, evidénciase a complexidade do fenómeno da transmisión interxeracional e os múltiples factores que involucra e corrobórase que as decisións da familia sobre a adquisición lingüística dos seus descendentes non son independentes, senón que están directamente condicionadas polo contexto social e histórico en que se desenvolven.

Dende unha óptica sincrónica, a situación da transmisión do galego na área estudada é boa porque a porcentaxe de familias mantedoras é bastante superior ó das familias substitutivas, mais dende un punto de vista diacrónico a percepción faise máis turbulenta: o paso do tempo parece envolver un aumento da transmisión do castelán en substitución do galego mais a terceira xeración presenta un alto grao de recuperación da lingua neses casos. Así as cousas, sería moi interesante non perder de vista a evolución sociolingüística destas familias e observar como se comportan nun futuro no proceso de transmisión lingüística; comprobar, en suma, se se conseguen manter as dinámicas actuais de mantemento da lingua ou se, pola contra, se acentúa a substitución lingüística.

BIBLIOGRAFÍA

Arquivo A Lingua das Familias (ALFA) / Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

De Gabriel, Narciso (2013): “El proceso de alfabetización en Galicia: un intento de explicación y comprensión”, *Historia de la Educación* 32, 289-213

CCG 2017 = Consello da cultura galega – Observatorio da Cultura Galega (2017). *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago: Consello da Cultura Galega

Fishman, Joshua (1991): *Reversing Language Shift. Theoretical and Empirical Foundations of Assistance to Threatened Languages*, Clevedon, Multilingual Matters.

Iglesias, Pedro (2022): *Mantemento e transmisión da lingua galega: unha achega ás familias da área de Compostela*. Tralaballo de Fin de Grao. Universidade de Santiago de Compostela. Disponible en: <http://hdl.handle.net/10347/30273> [28/04/2024]

Iglesias Álvarez, Ana / Acuña Ferreira, Virginia (2022): “Fálalle castelán que é o idioma da cidade”: a importancia dos contextos no éxito ou fracaso da transmisión familiar do galego”, *Estudos de Lingüística Galega*, 14. Disponible en: <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/7382/11611> [25/04/2024]

Instituto Galego de Estatística (IGE) (2018). *Enquisa de condicións de vida das familias: Coñecemento e uso do galego. Ano 2018*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellaría de Economía e Facenda. Disponible en: https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0206004 [16/04/2024]

Instituto Nacional de Estatística (INE) (2021). *Encuesta de Características Esenciales de la Población y las Viviendas: personas según la frecuencia de uso de las lenguas. Año 2021*. Madrid: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. Disponible en: <https://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?tpx=55518&L=0> [16/04/2024]

Loredo, Xaquín (2015). «Aproximación á situación sociolingüística en Galicia. A evolución da transmisión lingüística interxeracional do galego». *A Letra Miúda: Revista de Sociolingüística da CGENL*, núm. 6, p. 1-30.

- Loredo, Xaquín / Monteagudo, Henrique (2017): “La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán”, *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 27. Disponible en: https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/17594/2017_TSC_Loredo_Transmision.pdf?sequence= [01/05/2024]
- Monteagudo, Henrique / Álvarez, Rosario (2012): *Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega, 2012.
- Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín / Vázquez, Martín (2016): *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín / Vázquez, Martín (2018): *Lingua e sociedade en Galicia: Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique (2021): *O idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización*. (Vol. 14). Vigo: Editorial Galaxia.
- Nandi, Anik (2019): “Política lingüística familiar. O papel dos proxenitores pro-galego na transmisión interxeracional”, *Estudos de lingüística galega* 10: 77-101. Disponible en: <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/5064> [25/04/2024]
- Nandi, Anik / Monteagudo, Henrique / Loredo, Xaquín (2020): “La transmisión intergeneracional del gallego. Estrategias familiares de mantenimiento y convivencia”. *Hispanismes, Revue de la Société des Hispanistes Français*. 16. Disponible en: <https://journals.openedition.org/hispanismes/782> [21/04/2024]
- Monteagudo, Henrique (2022): "A lingua galega no tempo da autonomía", en Villares Paz. R. (ed.), *Os tempos son chegados. Un balance da Galicia autonómica. 1981-2021*. Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia: 309-324
- Nandi, Anik (2023): “A política lingüística individual e a revitalización do gallego: Prácticas de transmisión interxeracional nas familias urbanas/periurbanas”, *Lingua e Identidade: Relatorios das Xornadas 2021 e 2022*, Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), 61-79. Vilalba: Consello da Cultura Galega. Disponible en: https://www.researchgate.net/publication/374843949_A_politica_linguistica_individu

[al e a revitalización do galego Practicas de transmisión interxeracional nas familias urbanasperurbanas](#) [28/04/2024]

Ramallo, Fernando (2012): “El gallego en la familia entre la producción y la reproducción”, *Caplletra* 53, 167-191. Disponible en: <https://raco.cat/index.php/Caplletra/article/view/267980> [21/04/2024]

RAG 2003 = Real Academia Galega – Seminario de Sociolingüística (2003). *O galego segundo a mocidade*. Real Academia Galega.

RAG 1996 = Real Academia Galega – Seminario de Sociolingüística (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia*. Real Academia Galega.

Spolsky, Bernard (2004): *Language Policy*. Cambridge: Cambridge University Press.

Spolsky, Bernard (2012) *The Cambridge Handbook of Language Policy*. Cambridge: Cambridge University Press.

Subiela, Xaime (2010): “O idioma galego. Alarmas e esperanzas”, en Luís Álvarez Pousa (dir.), *Informe Galicia 2010*. Santiago de Compostela: Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, 247-270. Disponible en: http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5440ef8c80624-almaseesperanzas_subiela.pdf [21/04/2024]